Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender o patrimonio paisaxístico, histórico e cultural dos concellos de Ferrol e Narón e promover o desenvolvemento económico sustentable

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23073 (11/PNC-002172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a reapertura pola Xunta de Galicia do consultorio do barrio de Ferrol Vello, no concello de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 23102 (11/PNC-002173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 23108 (11/PNC-002174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín



Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar o mapa dos xeodestinos turísticos de Galicia e desenvolver o seu marco normativo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23131 (11/PNC-002175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para que a lingua galega estea dispoñible nas plataformas dixitais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23141 (11/PNC-002176)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a organización dunha homenaxe ás vítimas do fascismo franquista e a celebración do Día da Galicia Mártir

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 23144 (11/PNC-002177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da fábrica de Alu Ibérica na Coruña

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 23152 (11/PNC-002178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para protexer os bens de interese cultural da Ribeira Sacra, en particular o conxunto monumental de San Salvador de Asma, no concello de Chantada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 23160 (11/PNC-002179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos usos da illa de San Simón e o seu valor cultural e histórico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 23166 (11/PNC-002180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galicia das obrigas derivadas da concesión das illas de San Simón e San Antón, a regulación das actividades permitidas e a elaboración dun plan de protección

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 23172 (11/PNC-002181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para previr e eliminar a contaminación nos ríos Deza e Asneiro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Preguntas orais en comisión corrixidas

Admisión da corrección e publicación

- 21463 (11/PNC-002030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria no concello de Castro de Rei e no Centro de Saúde de Castro de Ribeiras de Lea

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 23229.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do 29 de setembro, sobre a política da xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros (doc. Núm. 21329).

Moción

Moción

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1. Defenda os ecosistemas fluviais de Galicia aplicando coa máxima dilixencia e en toda a súa amplitude as competencias derivadas da normativa autonómica, incluíndo a adopción das medidas preventivas necesarias para protexer o medio de calquera agresión e a imposición das sancións máis elevadas que procedan, ante calquera agresión ós ríos e ecosistemas fluviais de Galicia.
2. Elabore un inventario do estado ecolóxico dos ríos e encoros da nosa comunidade, en colaboración coas universidades e coas entidades comprometidas coa preservación do medio fluvial, que se actualice como mínimo anualmente e sexa publicamente accesible.”

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/09/2021 18:08:08





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:19:54
Nº Rexistro: 23176
Data envío: 30/09/2021 18:19:54.640

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2021 18:08:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJnZazVF5x1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 28 de setembro de 2021, sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego (doc. núm. 21014).

Moción

1º) O Parlamento de Galicia acorda crear, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, unha Comisión de Patrimonio no seu seo que teña por obxecto o estudo e debate do patrimonio como elemento estratéxico e transversal da política cultural galega.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, de acordo coas recomendacións da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, comece un proceso de redefinición da política de xestión do patrimonio cultural con tres primeiras accións concretas:

- a) Elaboración dun Plan Autonómico Patrimonial de Galicia, con dotación orzamentaria para o seu desenvolvemento.
- b) Creación dun Observatorio de Patrimonio, cunha sección dedicada á Educación Patrimonial.
- c) Creación dun órgano interadministrativo da Xunta de Galicia para a coordinación da política, normativa e xestión integral do patrimonio cultural galego.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 01/10/2021 13:27:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 01/10/2021 13:27:29





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 29 de setembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do acceso á vivenda (doc. núm **11740**, [11/INT-000672]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha avaliación urxente dos motivos polos que o Rexistro de Demandantes de Vivenda continúa en situación de colapso, incorporando para iso, entre outros, os seguintes indicadores:

- Número de vivendas outorgadas polo IGVS entre o ano 2015-2020, segundo o tipo de vivenda protexida e o réxime de propiedade.
- Número de vivendas protexidas que existen na actualidade segundo a sección e o réxime, desglosadas por Concellos.
- Prazos temporais medios e máximos que tarda o Instituto Galego de Vivenda e Solo en lle adxudicar unha vivenda ás persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda segundo o tipo da vivenda e o réxime de adxudicación, de forma que permita definir o grao de accesibilidade para cada un destes.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Número de persoas que cursan baixa no Rexistro de Demandantes de Vivenda, dos seus motivos e do tempo que transcorre entre a alta e a baixa.

- Relación dos datos anteriores cos distintos concellos e cos ámbitos territoriais definidos nas DOT, de forma que permita identificar cal é a situación do Rexistro de Demandantes para as distintas dinámicas e sistemas territoriais.

- Identificar as variables socioeconómicas dos inscritos e o grao de urxencia no acceso á vivenda, co fin de definir e caracterizar distintos perfís de demandantes de vivenda e a súa relación coas variables anteriores.

2. Analizar o histórico de cualificacións de vivenda protexida que pasaron a ser vivenda libre na última década, desglosados por localización e incluíndo as contías de axudas públicas asociadas ás mesmas. Na mesma liña, elaborar unha proxección de cara a futuro.

3. Elaborar un plan específico para corrixir a situación de colapso do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e os cambios normativos necesarios para acadar os seguintes compromisos:

- Aumentar as partidas orzamentarias dirixidas a ampliar o parque público de vivenda e, en xeral, mellorar substancialmente o grao de execución das partidas en materia de vivenda.
- Priorizar o investimento no aumento da vivenda pública en réxime de alugueiro, especialmente a través da adquisición de inmobles.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Diseñar estratexias de acceso e adxudicación da vivenda protexida, complementarias pero diferenciadas, segundo perfís socioeconómicos e tendencias territoriais, procurando unha lóxica redistributiva, de cohesión territorial e de redución do consumo de solo.
- Establecer unha previsión de obxectivos e prazos temporais concretos, tales como o número mínimo de vivendas que se pretenden adxudicar para cada tipo de vivenda protexida (distinguindo primeiras e segundas adxudicacións), redución dos tempos de agarda medios e máximos segundo o perfil das persoas demandantes inscritas e o réxime de adxudicación, etc.
- Establecer un novo sistema de adxudicación de vivenda protexida e de axudas complementarias, que se axuste a criterios de necesidade e vulnerabilidade, de forma que se priorice a adxudicación de vivenda protexida ás persoas ou unidades de convivencia que se atoparen en situación de risco de exclusión residencial por mor da incapacidade de facer fronte ao pago das rendas de alugueiro no mercado libre, con especial atención a aquelas persoas que pola súa situación de vulnerabilidade social atoparen dificultades engadidas á hora de acceder á vivenda no mercado libre.

Nestes supostos, a Xunta deberá actuar de forma preventiva, procurando sempre evitar que se execute o lanzamento da vivenda habitual por impago das rendas, priorizando o acceso destas persoas a unha vivenda protexida que deberá estar ubicada dentro do mesmo concello. No caso de non poder responder mediante a oferta de vivenda protexida, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administración deberá ofrecer axudas públicas que garantan o dereito destas persoas a unha vivenda digna, así como medidas complementarias de mediación e soporte que faciliten o acceso a unha vivenda nos casos de vulnerabilidade social.

-Planificar e dotar de maior investimento o mantemento e mellora da habitabilidade do parque propiedade do IGVS.

4. Elaborar e publicar un informe con carácter anual que avalíe a situación do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, así como o nivel de cumprimento das medidas, obxectivos e prazos marcados.

5. Impulsar unha campaña de difusión e divulgación do instrumento do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, para axudar a dar a coñecer este recurso entre a sociedade galega, nomeadamente entre aqueles sectores de poboación que teñen serias limitacións para accederen á vivenda libre.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2021 19:02:17

Ana Pontón Mondelo na data 01/10/2021 19:02:27



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarna Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Paula Prado del Río, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Borja Vereja Fraiz, Rubén Lorenzo Gómez e Carmen Pomar Tojo**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado están ultimando a sinatura dun convenio de colaboración para a protección dos valores culturais do Pazo de Meirás como sitio histórico.

Un dos obxectivos deste acordo pasa pola elaboración dun exhaustivo listado de bens que, polo seu valor cultural, deberían ser incluídos nunha ampliación do Decreto 299/2008, do 30 de decembro, polo que foron declaradas BIC as Torres de Meirás, e que forman parte do convenio como anexo ao mesmo.

Con esta finalidade, o pasado mes de agosto constituíuse un grupo de traballo específico que acordou estudar e elaborar un listado con aqueles bens que puideran ter valor cultural vinculado ao sitio histórico e, polo tanto, ser susceptibles de incluírse



nesta ampliación. Á Administración Xeral do Estado correspondeulle a análise dos bens relacionados coa xefatura do Estado durante a ditadura mentres que á Xunta de Galicia os vinculados coa figura de Emilia Pardo Bazán.

Neste sentido, o traballo realizado pola Administración de Galicia determinou:

- Que na actualidade permanecen en Meirás bens que contribúen á conformación do valor cultural do sitio histórico.
- E que parte destes bens identificados, 49 en concreto, non foron incorporados ao incidente xudicial presentado pola Administración Xeral do Estado sobre o procedemento de execución provisional 251/20 derivado do procedemento ordinario 752/19.

En definitiva, nestes momentos o Estado non está reivindicando a titularidade dunha serie de bens, algúns deles relacionados con Pardo Bazán, que conforman o valor cultural de Meirás e que son susceptibles de ser incorporados á declaración de Ben de Interese Cultural. Polo tanto, aínda en caso de incoar o procedemento para a ampliación da declaración BIC, ao non ser propiedade do Estado, o mantemento destes bens en Meirás quedaría comprometido.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda pronunciarse a favor de que a Administración Xeral do Estado realice as actuacións pertinentes para reclamar a propiedade dos bens con valor cultural vinculado ao sitio histórico que na actualidade permanecen en Meirás e cuxa propiedade non está sendo reclamada polo Estado a través do incidente ao que se adheriu a Xunta de Galicia sobre o procedemento de execución provisional 251/20 derivado do procedemento ordinario 752/19 tal e como o solicitou o Goberno galego”.



Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/10/2021 10:47:47

Ovidio Rodeiro Tato na data 04/10/2021 10:48:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Teresa Egerique Mosquera na data 04/10/2021 10:48:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/10/2021 10:48:40

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/10/2021 10:48:56

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/10/2021 10:49:08

José Luis Ferro Iglesias na data 04/10/2021 10:49:24

María Felisa Rodríguez Carrera na data 04/10/2021 10:49:36

Paula Prado del Río na data 04/10/2021 10:49:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/10/2021 10:50:09

José Alberto Pazos Couñago na data 04/10/2021 10:50:24

Diego Calvo Pouso na data 04/10/2021 10:50:39

Borja Vereza Fraiz na data 04/10/2021 10:50:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/10/2021 10:51:05

Carmen María Pomar Tojo na data 04/10/2021 10:51:18



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Diego Calvo Pouso, Miguel Tellado Filgueira, José Manuel Rey Varela, Marta Nóvoa Iglesias, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Vereza Fraiz, Jose Manuel Balseiro Orol, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento urxente de Cámara galega en relación con este asunto de máxima actualidade e que propón medidas excepcionais que se deben adoptar de inmediato para estabilizar o prezo da electricidade.

Exposición de motivos

A escalada do prezo da electricidade -con niveis récord no mercado ao por maior como o rexistrado o pasado venres, 1 de outubro, cunha media de 218 €/MWh – está a exercer unha presión inflacionista sobre industrias, empresas e familias, que levan meses sufrindo os efectos dunha transición enerxética improvisada e desordenada por parte do Goberno. Sirva como exemplo que, segundo os últimos datos do Índice de Prezos da Industria (IPRI) publicados polo INE, os bens industrias foron en agosto un 18% máis caros que hai un ano (maior subida desde 1980) debido, fundamentalmente, ao encarecemento do custo da enerxía: un 41,6% máis cara.

Estamos nunha crise de prezos sen precedentes que, xunto a escaseza dalgunhas materias primas -como é o caso dos microchips na industria de automoción-, pode lastrar seriamente a recuperación económica e a creación de emprego.

Polo tanto, o Goberno debe asumir, sen máis dilación, as medidas e reformas estruturais acordadas pola Cámara galega desde abril -a instancia do Grupo Parlamentario Popular- para abordar unha reforma do sistema eléctrico que permita garantir a competitividade do tecido produtivo e o benestar enerxético das familias dunha maneira estable.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sen embargo, a alarma creada pola situación na antesala do inverno fai necesario tamén a adopción de medidas excepcionais que contribúan de inmediato a estabilizar o prezo da electricidade. Unha destas medidas pode ser a reactivación da central térmica das Pontes de forma temporal. Cómpre recordar que Endesa ten ao redor de 40.000 toneladas de carbón dispoñibles e que podería facer provisión de material a corto prazo, reducindo así a dependencia do gas natural, ante o peche do gaseoduto do Magreb e os prezos históricos que está acadando en Europa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a reactivación temporal da central térmica das Pontes ata que se poida estabilizar a actual escalada do prezo da electricidade”.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/10/2021 14:16:33

Diego Calvo Pouso na data 04/10/2021 14:16:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/10/2021 14:17:03

José Manuel Rey Varela na data 04/10/2021 14:17:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/10/2021 14:17:29

María Elena Candia López na data 04/10/2021 14:17:45

Cristina Sanz Arias na data 04/10/2021 14:18:01

José Antonio Armada Pérez na data 04/10/2021 14:18:14

Ovidio Rodeiro Tato na data 04/10/2021 14:18:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/10/2021 14:18:42

Borja Vereza Fraiz na data 04/10/2021 14:19:01

José Manuel Balseiro Orol na data 04/10/2021 14:19:18

María Corina Porro Martínez na data 04/10/2021 14:19:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/10/2021 14:19:57

José Alberto Pazos Couñago na data 04/10/2021 14:20:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Noelia Pérez López na data 04/10/2021 14:20:27

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 04/10/2021 14:20:44

María Elena Suárez Sarmiento na data 04/10/2021 14:20:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións a realizar diante da celebración dun foro que vulnera a Lei de Normalización Lingüística e branquea o capital depredador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os días 29 e 30 de setembro e o 1 de outubro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o “III Foro La Toja”, un evento no que van participar entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, expresidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imanxen dun “foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias” o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro.

Durante tres días reúnen representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan, responsábeis do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten xustificación o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional.

Un foro creado para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo como son a banca ou as eléctricas, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

Con todo o que está acontecendo en Galiza é unha provocación o papel relevante que lle dan neste encontro aos presidentes de Abanca e Iberdrola, máximos expoñentes da estafa bancaria, peche de oficinas e perda de postos de traballo por un lado, e do espolio enerxético polo outro.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro, o fin da estafa bancaria, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que reconece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos, que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa , participen en eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, e presidida por Amancio López Seijas, presidente do grupo hoteleiro HOTUSA, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A todo o anterior hai que engadir o escaso papel de mulleres entre as persoas relatores, e polo tanto mostra o pouco interese deste “selecto clube” polas reflexións e análises que poidamos facer as mulleres en temas de tanta relevancia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Dirixirse aos organizadores do Foro, ao Gran Hotel e aos responsábeis das rotulacións e monolitos existentes na Illa, esixindo o respecto pola toponimia oficial de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza e polo tanto procedan á corrección do topónimo deturpado e substituílo polo de ”
A Toxa” xa que é o topónimo correcto e legal.

2. Realizar as actuacións precisas para que a Fundación “La Toja”, acabada de nomeada de interese galego, adapte o seu nome á legalidade vixente en materia lingüística en Galiza.

3. Deixar de apoiar este foro creado para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo como son a banca ou as eléctricas, que anula o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 10:00:23

Daniel Castro García na data 24/09/2021 10:00:28

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 10:00:35

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 10:00:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda é un pilar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso do pobo á vivenda, especialmente na mocidade.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

Galiza precisa que o acceso á vivenda sexa unha realidade para a mocidade galega e para o conxunto da sociedade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego ás seguintes políticas públicas que garantan para garantir o acceso a unha vivenda digna, en réxime de alugueiro, para a mocidade galega:

1. Aumentar as axudas ao alugueiro destinadas á mocidade galega, totalmente insuficientes na actualidade.

2. Levar ao cabo a creación da Bolsa de Vivenda para Estudantes impulsada pola administración pública en colaboracións coas universidades galegas, unha ferramenta de acceso á vivenda pública que permita ás estudantes desprazadas das súas localidades acceder a vivendas en réxime de alugueiro a prezos accesíbeis e con condicións de habitabilidade dignas.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2021 10:29:24

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 10:29:30

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 10:29:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a intervención pública no futuro dos terreos portuarios da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Porto da Coruña ten unha débeda de 330 millóns de Euros contraída para financiar a construción do Porto Exterior de Punta Langosteira, dos cales 200 millóns corresponden a un préstamo concedido ao Porto da Coruña por Portos do Estado e o resto, a un empréstito do Banco Europeo de Investimentos.

Esta débeda e as condicións de pagamento establecidas representan unha grave hipoteca para o futuro do Porto e da propia cidade da Coruña.

Dunha banda, as condicións de pagamento do préstamo concedido por Portos do Estado son totalmente abusivas, pois inda que o montante total da débeda segue sendo de 200 millóns, só en intereses o porto xa leva pagados 39, 5 millóns. Unha lousa que ademais repercute no importe das taxas portuarias, restando competitividade ao noso porto respecto doutros portos de interese xeral.

Ademais, en virtude do establecido no Convenio de 2004 entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Concello da Coruña, preténdese facer fronte ao pago desta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

débeda coa venda de activos do propio porto nos terreos que fiquen liberados de actividades portuarias no porto interior.

Fronte a esta situación, os Orzamentos Xerais do Estado actualmente en vigor inclúen unha disposición adicional na que a Administración Xeral do Estado condona unha débeda de aprox. 400 millóns de euros do Porto de Valencia, froito da súa adecuación para albergar a Copa América de Vela.

É inaudito que, mentres o Estado asume unha débeda xerada por unha actuación que nada ten a ver coas actividades produtivas, se pretenda hipotecar o futuro da fachada litoral da Coruña pola débeda xerada pola construción dunha infraestrutura produtiva como é Porto Exterior.

Cómpre lembrar que a construción do porto exterior de Punta Langosteira foi unha decisión de Estado, anunciada polo Goberno Aznar como unha compensación a Galiza polo desastre do Prestige. Por esa razón os custos da súa construción non poden representar unha hipoteca para o futuro da cidade. Se os terreos sobre os que se asenta o porto interior foron gañados ao mar para o desenvolvemento de actividades portuarias, o razoábel é que os espazos que resulten desafectados desas actividades sexan devoltos á cidade.

Por estas razóns o Parlamento Galego e o Concello da Coruña pronunciáronse por unanimidade en distintas ocasións esixindo a condonación da débeda do Porto da Coruña con Portos do Estado ou a asignación, con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, dunha cantidade equivalente, co obxecto de acometer a transformación da fachada marítima da Coruña (en colaboración co Concello e outras administracións) asegurando o mantemento da titularidade e usos públicos dos terreos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, pese a estes pronunciamentos unánimes, tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña parecen asumir o criterio de que se debe pagar por uns terreos que xa son públicos e levan semanas negociando a cantidade de diñeiro que debe achegar cada administración por facerse coa titularidade dos peiraos de Calvo Sotelo e Batería e proceder á súa urbanización, comprometéndose, ademais, a asignar unha cantidade que supera claramente o prezo de taxación destes terreos.

Os convenios de 2004 non poden determinar o deseño da nova fachada marítima da cidade, que marcará un punto de inflexión no trazado do seu desenvolvemento ad futurum, polo que tanto a Xunta de Galiza como o Concello da Coruña deberían estar xa a constituír unha fronte común para pedir a condonación da débeda do porto da Coruña.

Porque se o Goberno do Estado condonou a débeda do porto de València, non hai ningunha razón para non facer o propio coa da Coruña.

O futuro do porto da Coruña transcende o ámbito local para se converter nun asunto prioritario de país, polo que cómpre esixir un trato xusto e actuar con firme vontade política fronte a unha nova discriminación con Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar a condonación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña con Portos do Estado, establecendo esta esixencia, ou a asignación con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado dunha cantidade equivalente co obxecto de acometer





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a transformación da fachada marítima da Coruña, en futuras negociacións co Goberno central en materia de política fiscal e financiamento autonómico.

2. Impulsar, de común acordo co Concello da Coruña, a constitución dun consorcio ou organismo público, coa participación das distintas administracións e entes implicados, para acometer a transformación dos terreos do porto interior, mantendo sempre a titularidade pública dos mesmos.

3. Instar o Goberno Central a licitar á maior brevidade as obras do enlace por tren co porto exterior de Punta Langosteira.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 13:44:36

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 13:44:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o nomeamento dun docente especialista en Educación Musical para o CEIP Sagrada Familia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O terceiro curso escolar vivido en pandemia acaba de comezar da peor maneira posíbel por parte do goberno galego ao se confirmar a importante redución de profesorado na conformación dos claustros docentes no ensino público.

Reitéranse por toda Galiza as demandas e reclamacións das comunidades educativas en demanda dunha atención educativa de calidade e en equidade.

O Consello Escolar xunto co Claustro de profesorado do CEIP Sagrada Familia da Coruña é un bo exemplo.

Neste centro educativo, que conta con 18 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil, estase a incumprir o catálogo de postos de traballo publicado no DOG do 6 de agosto de 2021 onde se adxudican dúas prazas de profesorado especialista en música para o curso 2020-2021 e das que finalmente só se cubriu unha no comezo do presente curso.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con data de 1 de setembro o director do centro comunicou á inspección educativa que non fora cuberta a segunda praza de Educación Musical, tal e como figuraba recollida na Orde do 22 de xullo de 2021.

Esta deficiente atención educativa ao alumnado deste centro vese acrecentada polo feito de ser o actual director o único especialista de Educación Musical, o que está a imposibilitar o desenvolvemento do horario completo que lle corresponde ás súas funcións directivas. Unha eiva especialmente importante en tempos de pandemia en que se multiplican as dificultades engadidas á xa habitual xestión académica.

Recentemente, acaba de ser nomeada pola consellería unha docente para impartir Educación Musical en primaria que non posúe esta especialidade, xa que é especialista en Lingua Estranxeira (Inglés), que ademais non ten dedicación horaria completa no CEIP Sagrada Familia da Coruña, senón que ten que compartir a docencia neste centro co CEIP Vales Villamarín (Betanzos).

Unha decisión que en absoluto se pode entender como definitiva para resolver as carencias educativas do centro provocadas pola irregular xestión da consellería.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a nomear de urxencia un docente especialista en Educación Musical a tempo completo no CEIP Sagrada Familia da Coruña, en cumprimento do catálogo de postos de traballo establecido na Orde do 22 de xullo de 2021, publicado no DOG do 6 de agosto de 2021.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:21:10

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:21:14

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:21:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de dotar de máis persoal docente o IES Urbano Lugrís da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comeza o terceiro curso escolar en tempo de pandemia como se para os responsábeis educativos do goberno da Xunta de Galiza nada tivese acontecido na nosa sociedade.

Tras 16 meses de pandemia, que obrigou a un sobre esforzo a toda a comunidade educativa galega, a resposta do Executivo está a ser, como se prevía, un curso 2021-2022 con menos persoal nas aulas, en particular nos centros de secundaria, a través dunha redución sen precedentes que mesmo vai impedir en moitos casos que se poidan cumprir os protocolos COVID decretados pola Xunta.

Xusto no momento en que máis reforzos se precisan, o que temos por parte da Xunta é un recorte de profesorado sen precedentes, algo máis de 500, no momento de comezar o curso.

A esta situación de precariedade que obriga aos centros a facer axustes imposíbeis para evitar minimizar a afectación negativa sobre a calidade e equidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educativa, súmase unha nova estratexia de eliminación de prazas de profesorado nos propios cadros de persoal.

Isto é o que está a acontecer no IES Urbano Lugo (A Coruña).

No mes de xullo comunícaselle ao equipo directivo, por parte da inspección educativa, que manteñen para o presente curso o mesmo cadro de persoal dos dous cursos anteriores.

Esta decisión unilateral desatende que nestes dous últimos cursos o centro aumentou un curso de FPdual, un de FPBásica, unha completa sección bilingüe (e E-Dixgal).

Neste período de tempo tamén aumentou o alumnado, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, que, debido á contorna sociocultural e económica, se caracteriza por ser alumnado maioritariamente de procedencia inmigrante, é dicir, alumnado vulnerable e que precisa elevada atención á diversidade

Malia os reiterados intentos do equipo directivo de revisar a decisión da consellería e se dirixir por escrito tanto á Inspección de Educación como ao Servizo de Persoal Docente, unha e outra vez desde xullo ata o día de hoxe, os correos enviados seguen sen resposta, o mesmo que as peticións de citas para fixar unha reunión para negociar opcións alternativas e máis acaídas ao centro.

No entanto, nesta altura en que o curso xa está en andamento, si recibiu a dirección a orde por correo electrónico (non instrución formal) de proporcionar do profesorado actual do IES Urbano Lugo (A Coruña) ao CIEP Paseo das Pontes dous docentes completos para impartir os módulos de Comunicación e sociedade e Ciencias aplicadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un mandato que chega sen consulta previa nin diálogo e que implica que no IES Urbano Lugrís teñan que anular o traballo organizativo realizado para comezar o curso puntualmente, para refacer todos os horarios de Ensino Medio, volver facer reparto de horas por departamento, sacar os horarios e demais de Xade, volver metelos, cambiar horarios de profesorado e alumnado. Ademais de non poder ter en tempo a documentación requirida pola consellería: programacións, cursos de aula virtual, DOC etc.

Esta improvisación implica tamén cambios nos horarios no CIFP Paseo das Pontes.

A actividade académica do IES Urbano Lugrís medra ano tras ano e a comparativa actual neste curso 2021-2022, a respecto dos dous anteriores, é a seguinte:

- Aumento da matrícula de alumnado (sobre todo na ESO).
- Aumento de varios tipos de ensinanzas (FP dual, 2º FPB Informática, sección bilingüe en historia) e tamén E-Dixgal en 1º ESO.
- Continuidade dos proxectos de participación en PLAMBE, Club de lectura, Club de Ciencia, PFPP, varios Contratos-progama, Skills, Erasmus +...

Unha realidade de potenciación educativa que contrasta coa redución de profesorado ano tras ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a nomear de urxencia dous docentes a tempo completo no IES Urbano Lugo da Coruña para satisfacer as necesidades do CIFP Paseo das Pontes sen prexudicar o centro de referencia, asegurando a calidade educativa dos dous centros como se viña facendo en cursos anteriores.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 09:43:54

Daniel Castro García na data 27/09/2021 09:43:58

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 09:44:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación e ao futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico e fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a enfrontar importantes complexidades, onde aos retos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Compre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salariais e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa perspectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2021. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como aceiro, aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar aínda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galicia, continúan sen desprezar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción non noso país.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificable no relativo á área de Vigo e ao conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca de que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois e que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organizacións sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de batería suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representan a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo a ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría de motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha política industrial baleira onde unicamente se posta polo sector servizos e o turismo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Xunto co goberno español, no exercicio das súas competencias e de maneira coordinada:

a) Promover a instalación na área de Vigo dunha fábrica de baterías.

b) Poñer en marcha un plan para a atracción de plantas de fabricación para a súa instalación en Galiza dos novos compoñentes dos coches eléctricos, como motores de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores e portos de carga.

2. Constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza e as tres universidades.

3. Impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos de máis valor engadido.

4. Desenvolver unha política industrial que faga posible fabricar calquera novo compoñente derivado da transición ao automóbil non contaminante tanto para eléctrico, gas ou hidróxeno.

5. Poñer en marcha unha Tarifa Eléctrica Galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade.

6. Despregar medidas concretas para garantir a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial, así como a adaptación da formación profesional pública á nova realidade tecnolóxica.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2021 10:01:39

Daniel Pérez López na data 27/09/2021 10:01:43

Ramón Fernández Alfonso na data 27/09/2021 10:01:52

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2021 10:01:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a necesidade de cubrir o catálogo docente do CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) cun mestre de Educación Musical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias de 1ºA de Educación Primaria do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña son informadas a comezos do mes de setembro de que os seus fillos e fillas non poden contar cunha persoa titora para os primeiros días de clase, xa que a praza docente non foi adxudicada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, malia se tratar dun mestre de catálogo, ao que ten dereito o colexio segundo a *Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial*.

Este grupo de alumnado, que está a comezar unha nova etapa educativa como é a Educación Primaria, inicia o curso sen profesor/profesora titor/a de referencia, sendo atendido de forma alterna polo profesorado de centro en función das súas gardas.

Unha vez iniciado o curso académico actual nestas circunstancias de atención educativa precaria cun nivel educativo tan sensíbel, as familias, en comunicación coa dirección do colexio e coa inspección educativa, reciben a confirmación de que esta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

praza docente non se vai cubrir definitivamente e que, polo tanto, a titoría de 1º A deberá ser cuberta con horas de profesores especialistas do centro.

Finalmente, a dirección do centro resolve adxudicar esta titoría de 1º A de Educación Primaria á mestra especialista de Educación Física.

Esta decisión, á parte de non dar cumprimento á boa atención educativa do grupo de 1º A garantindo o seu dereito a ter un docente titor, desencadea máis prexuizos no conxunto do centro:

- A especialista de Educación Física que será titora de 1º A abandona a cotitoría de 2º que xa tiña adscrita, co cal este grupo fica con medio titor.

- Todos os nenos e nenas de Educación Infantil deixan de ter psicomotricidade por falta de docente.

- Non haberá horas de apoio docente porque o horario do profesorado está ao límite do seu horario lectivo.

A situación provocada no grupo de 1º A está impedindo a correcta integración do grupo na dinámica escolar e imposibilita o seguimento do alumnado, retrasando a detección de posibles dificultades de aprendizaxe e a resposta educativa axeitada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a nomear de urxencia un/unha docente no CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña) a tempo completo para atender como titor/a o grupo de 1º A de Educación Primaria.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 11:31:05

Daniel Castro García na data 27/09/2021 11:31:08

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 11:31:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de agosto unha integrante da plataforma SOS Suído Seixo, colectivo que loita contra a creación da mina Alberta I na zona de Doade (Beariz) e os demais proxectos mineiros asociados que afectan aos concellos de Beariz, Avión, A Lama, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, recibiu a notificación do “inicio dun procedemento sancionador” por parte do Concello da Lama pola participación nunha concentración de arredor de 30 persoas diante do concello “portando pancartas co lema “Non á mina”.

O deputado que subscribe esta iniciativa tamén participou nese acto, que tivo lugar o 16 de outubro de 2016 e que consistiu na presentación de alegacións no rexistro do concello contra o proxecto mineiro. En todo momento respectáronse as normas sanitarias vixentes, xa que as persoas participantes agardaron a súa vez nunha fileira, mentres o resto de participantes agardaban no exterior do concello. No lugar estivo presente unha patrulla da garda civil, que en ningún momento advertiu nin da ilegalidade do acto nin do incumprimento das normas sanitarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas participantes nesta presentación de alegacións exercitaron un dereito fundamental, presentando escritos de alegacións e protestando contra un proxecto mineiro lesivo para os seus intereses e os do medio.

A actuación do concello da Lama, case un ano despois, denunciando a unha integrante da plataforma e propoñendo unha sanción de 100 euros, só pode entenderse como un intento de intimidación e de castigo ao movemento social de defensa do territorio, así como un exemplo de persecución dos máis elementais dereitos democráticos.

Cómpre ter en conta que se produce esta situación mentres a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal é a situación do proxecto mineiro Alberta I, un proxecto que non cumpre coas garantías ambientais e que conta cun informe desfavorábel da Confederación Hidrográfica Miño Sil. A estas alturas, máis de dez meses despois da presentación das correspondentes preguntas e peticións de documentación por parte do grupo parlamentar do BNG sobre o estado de tramitación do proxecto mineiro, aínda non recibimos resposta por parte da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución expresar o rexeitamento pola actuación do Concello de A Lama, polo inicio dun procedemento sancionador contra unha integrante da Plataforma SOS Suído Seixo que participou o 16 de outubro de 2020 nun acto de presentación de alegacións contra o proxecto mineiro Alberta I no que se respectaron as normas sanitarias en vigor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a proporcionar a información e documentación sobre o citado proxecto mineiro, dando cumprimento á normativa sobre información e participación ambiental e respectando os procedementos establecidos no regulamento do Parlamento.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2021 11:41:23

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 11:41:27



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, créase o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

- a) Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles aos cales poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.
- c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.
- d) Elaborar e difundir información para facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.
- e) Impulsar a formación da cidadanía, como persoas consumidoras e usuarias, propoñendo aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a devandita formación sexa permanente.
- f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.



g) Potenciar a mediación e a arbitrase para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

i) Velar para que os produtos e servizos postos á disposición das persoas consumidores/as e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial as dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.

j) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do instituto.

k) As que de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, corresponden ao Instituto Galego de Consumo.

l) A aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia

Desde o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que se reforce o Instituto Galego de Consumo para que poda levar a cabo tódalas funcións para as que foi creado dito ente. Neste momento ante a multitude de reclamacións interpostas, non están a tramitar tódolos expedientes pendentes.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar o Instituto Galego de Consumo con máis persoal e con medidas concretas para facilitar a resolución dos expedientes o antes posible.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 09:44:59

Martín Seco García na data 28/09/2021 09:45:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 09:45:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María González Albert** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as frecuencias e liñas de autobuses das liñas O Barco de Valdeorras – A Gudiña e a súa conexión co tren de alta velocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de xuño de 2021 a Xunta de Galiza introduciu mudanzas nos horarios das liñas de autobuses que dentro das liñas de transporte público de Galiza comunican as comarcas de Valdeorras e Viana e nomeadamente as que servían para comunicar á comarca valdeorresa coas liñas de alta velocidade de ferrocarril que fan parada na estación da Gudiña.

Así no día 9 de xuño a rede de transporte público dependente da Xunta fixo públicos os cambios en dúas das liñas de autobús que percorren a zona que mencionamos.

- Para a liña O Barco-A Gudiña as saídas pasaron a ser ás 9:30 e ás 17:15 horas (O Barco de Valdeorras-A Gudiña) e ás 7:00 e ás 18:00 horas no sentido A Gudiña-O Barco.

- Para a liña O Barco de Valdeorras - O Bolo as saídas son agora ás 6:30 e ás 12:00 horas (7:15 e 18 horas O Bolo-O Barco).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe lembrar que Valdeorras ten sido unha das grandes damnificadas nas últimas décadas das decisións tomadas polos sucesivos gobernos centrais no referido á conectividade por ferrocarril. Así, a pesares de ter sido a comarca un importante foco de viaxeiras e viaxeiros a través do tren entre outras cuestións polo seu afastamento aos núcleos urbanos do país e do Estado.

A pesares diso no deseño das novas liñas de comunicación de alta velocidade foi a entrada sur a Galiza, a través da Gudiña, a que finalmente foi decidida e promovida polo Estado central ao tempo que ese mesmo goberno central, independentemente das siglas das que estivera vestido en cada momento, foi paulatinamente pechando estacións, eliminando frecuencias e en definitiva depauperando até deixar practicamente inane o servizo na liña Palencia – A Coruña.

Así, na práctica, unha viaxeira valdeorresa que queira desprazarse até Madrid obrigatoriamente ten que facelo a través da liña que ten parada na Gudiña co que resulta fundamental que as frecuencias de autobuses que comunican O Barco de Valdeorras e A Gudiña sexan complementares ás liñas de ALVIA.

Iso deixou de ser así en xullo e agora se queres ir desde Valdeorras en tren a Madrid só poderás subir á Gudiña no bus que sae do Barco ás 5:45 e chega á Gudiña ás 6:45. O tren chega ás 8:24 horas polo que a espera será de 1:39 horas.

A outra posibilidade é coller o autobús que sae do Barco ás 9:30 horas e chega á Gudiña ás 10:30. Aquí o tren xa saíu ás 9:58 horas (é dicir, 32 minutos antes) polo que podes gardar ao tren das 13:42 horas (3 horas e 12 minutos máis tarde) no que non se pode cualificar máis que de despropósito.

O mesmo acontece ao regreso da capital do reino. Os trens da tarde chegan á Gudiña ás 17:40 e as 21:00 horas respectivamente mentres que o único autobús que sae





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da localidade cara Valdeorras faino ás 19:00 horas. De novo, inútil. E dobremente inútil o bus da mañá que arranca da localidade ás 7:00 horas mentres que os trens chegan ás 10:01h.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Modificar os horarios e frecuencias das liñas de autobuses A Gudiña - O Barco de Valdeorras, en ambos sentidos, para garantir a súa compatibilidade cos horarios do tren ALVIA A Gudiña-Madrid
2. Modificar os horarios das liñas de autobuses O Barco de Valdeorras – O Bolo para que permitan á veciñanza dos concellos da comarca de Valdeorras facer uso das mañás na cabeceira comarcal con garantías.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 12:31:32

Paulo Ríos Santomé na data 28/09/2021 12:31:36

María González Albert na data 28/09/2021 12:31:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, coñecida popularmente como "Circo de Artesáns", é unha entidade cultural e social, tamén benéfica, e sen fins lucrativos, que foi fundada en 1847 e que no vindeiro 2022 cumprirá o seu 175 aniversario.

O Circo de Artesáns é unha entidade que naceu cunha vontade cultural, instrutiva e benfeitora decidida, e coa inspiración dos principios emancipatorios da Ilustración.

A historia desta verdadeira "casa do pobo coruñés" converteuna nunha institución emblemática e fundamental da Coruña, mais tamén con moita influencia no resto da Galiza. Por iso mesmo algúns, seguindo a Uxío Carré Aldao, a denominaron como o "Ateneo da Galiza".

Permanecen na memoria do Circo de Artesáns as palestras dalgunhas das figuras máis relevantes da cultura galega e española: Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Ortega y Gasset, Miguel de Unamuno, Santiago Casares Quiroga, Castelao, Durán Loriga, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Lugo Freire, Manuel Portela





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valladares, Basilio Álvarez, Ramón Suárez Picallo, Armando Cotarelo, Valentín Paz-Andrade, Ramón Pérez Costales, o “Médico Rodríguez”, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Alexandre Bóveda, Benito Vicetto, Tettamancy, Ángel del Castillo, Eladio Rodríguez González, Gonzalo Abente, Wenceslao Fernández Flórez, María Barbeito, Roberto Novoa Santos, Rafael González Villar, Sofía Casanova, Pi i Margall, etc.

Tamén participaron nela intelectuais internacionais da talla do francés Georges Duhamel e da chilena Gabriela Mistral.

Pola súa iniciativa criáronse institucións benéficas, como a “Cociña Económica” ou as “Escolas Populares Gratuítas”. Nel desenvolvéronse importantes actividades benéficas que lle valeu recibir a Medalla de Ouro da Cruz Vermella Española.

Alén de todo iso, a popular Sociedade do Circo de Artesáns nos seus 174 anos existencia organizou numerosas e relevantes exposicións de pintura, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, debates, concertos, recitais de poesía, xogos florais, cursos, viaxes, banquetes, bailes sociais e festas populares. O Circo destacou polos seus grandes xogadores de xadrez e de billar e polos torneos que organizaba.

O Circo ten que ver cos comezos do feminismo. Pioneiras e precursoras do feminismo como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, María Vinyals (“A Marquesa Vermella”), Amparo López-Jean, María Barbeito, Celia Brañas, Filomena Dato, Sofía Casanova, Carmen de Burgos e María de Maeztu interviron no seu Salón de Actos.

Tamén Portugal e a súa cultura non foron alleos á actividade do Circo, porque por aquí estivo Bernardino Machado, o ex-presidente da República Portuguesa e no seu exilio, e falou o filósofo Leonardo Coimbra e recitou o grande poeta Eugénio de Castro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Circo formouse a primeira orquestra sinfónica da Galiza. Nel desenvolveron actividades musicais destacados músicos e compositores como Canuto Berea, Pablo Sarasate, Pascual Veiga, Xosé Baldomir, Castro Chané e un longo etcétera.

No seo desta vedraia Sociedade deu os primeiros pasos o teatro independente e profesional galego nos anos setenta do século pasado co grupo Teatro-Circo de Artesáns de Manuel Lourenzo e mais naceu na Galiza a primeira Universidade Popular, para formar á xente humilde e traballadora da cidade.

Aquí naceu a Academia Galega, a Asociación da Prensa da Coruña -a máis antiga das galegas-, as Irmandades da Fala e a Agrupación Cultural “O Facho”.

Varios monumentos da Coruña e comarca existen grazas aos recursos económicos dos socios do Circo, por exemplo, o de Concepción Arenal, o de Eduardo Pondal, o de Daniel Carballo e o dos “Mártires” na vila de Carral.

O Circo de Artesáns conta cunhas fermosas instalacións de 2.300 m², en propiedade, situadas no centro da cidade da Coruña, onde destaca unha única, grande e valioso tesouro: a Biblioteca.

A Biblioteca conta cuns 15.000 volumes, moitos deles do século XIX e anteriores, para alén de moita documentación histórica de interese. Biblioteca e documentación están en estado de abandono e deteriorándose, precisando da intervención dalgunha institución para o seu ordenamento, catalogación informática e posta en valor.

Segundo os Estatutos da Sociedade os seus fondos non poden saír da súa sede e deben ser propiedade da Sociedade. Mais o Circo está aberto a que persoas que non son socias accedan á súa consulta e ás instalacións da Biblioteca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Historiadores imprescindíbeis, como o recentemente falecido Xosé Ramón Barreiro Fernández, refírense nos seus libros ao Circo como unha entidade esencial da Galiza nos tres últimos séculos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Implicarse na celebración do 175 aniversario da fundación da "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, recoñecida como o “Ateneo da Galiza”.

2. Estabelecer con esta entidade un marco de colaboración que permita a catalogación, dixitalización, conservación e accesibilidade pública dos fondos da biblioteca da "Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos" da Coruña, recoñecida como un tesouro bibliográfico histórico.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 12:56:52

Daniel Castro García na data 28/09/2021 12:56:56

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2021 12:57:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a adxudicación de contratos e as relacións contractuais entre Navantia e as súas subcontratas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As manifestacións públicas a respecto da lexislación sobre contratos públicos, realizadas por representantes gubernativos, representantes de sociedades mercantís de propiedade pública e de entes públicos, sempre son reiterativas da necesidade de aproveitar a enorme capacidade económica da contratación pública para promover obxectivos de carácter político ou estratéxico, entre eles tamén sempre están presentes a participación das PEMES, obxectivos sociais, e mesmo territoriais.

Nas actuais circunstancias, de crise económica e de emprego, de crise social, e no marco da execución das medidas para a recuperación, eses obxectivos veñen de ser refrendados en xeral para toda a política orzamentaria e de investimentos dos fondos públicos.

Mais as manifestacións públicas, e a declaración de obxectivos, por unha banda, e a realidade dos feitos por outra, diverxen profundamente, sendo a comarca de Ferrol un claro exemplo disto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha comarca que sofre un gravísimo declive económico, social e demográfico, por causa das restricións impostas ao centro produtivo de Navantia na ría de Ferrol. Unha empresa pública de grandes dimensións e posibilidades, mais que co seu deseño actual resulta absolutamente incapaz de garantir ocupación estábel ao persoal de industria auxiliar, e mesmo totalmente incapaz de promover e consolidar unha industria complementaria local merecente de tal nome.

A empresa Electro Rayma, unha empresa comarcal especializada na montaxe eléctrica e de compoñentes electrónicos, e con unha prolongada experiencia no sector naval, ven de denunciar publicamente que mantén un contencioso económico coa empresa pública a respecto do resultado económico da execución dos últimos contratos realizados nos AOR para a armada australiana.

A negativa de Navantia a facilitar unha solución áxil e negociada, derivou na presentación dunha demanda xudicial por parte de ELECTRO RAYMA, e a partir da presentación da demanda, a subcontratista denuncia comportamentos por parte da dirección de Navantia dirixidos a deixala fora das novas contratacións.

A demora na solución do conflito económico, e a imposibilidade de optar a novos contratos afoga a viabilidade de ELECTRO RAYMA, colocándoa nunha situación insostíbel segundo denuncia a propia empresa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a demandar do Goberno central:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A incorporación da Xunta de Galiza ao Consello de administración de Navantia en aplicación do previsto na Lei de fomento do sector naval de Galiza, e máis no propio Estatuto de autonomía de Galiza

2. A incorporación aos pregos de contratación de Navantia de cláusulas que fomenten dun xeito eficaz a consecución dos obxectivos de política económica como a promoción das PEMES, a cohesión territorial, ou a defensa do emprego, como por exemplo:

2.1. A discriminación positiva das empresas comarcais

2.2. A incorporación aos pregos de contratación de Navantia de mecanismos áxiles e negociados para a resolución das discrepancias económicas que eviten tensións de liquidez nas empresas subcontratistas

2.3. A incorporación do persoal da industria auxiliar a todas as medidas de carácter social pactadas nos plans industriais da empresa principal, así como realizar un control efectivo do cumprimento das súas condicións laborais, tanto legais como pactadas en convenio

3. Explicacións sobre as negociacións entre NAVANTIA e ELECTRO RAYMA para resolver as discrepancias económicas a respecto da execución dos contratos nos AOR para a armada australiana, así como unha solución áxil e negociada de esas discrepancias.

3.1. Estudar solucións no ámbito da financiación e coa participación do IGAPE para evitar que a demora na solución do contencioso poda significar o peche da empresa e a perda do emprego.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2021 13:41:19

María do Carme González Iglesias na data 28/09/2021 13:41:22

Daniel Pérez López na data 28/09/2021 13:41:28

Ramón Fernández Alfonso na data 28/09/2021 13:41:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castillón, sitúanse no Concello de Pantón, contan cun número de habitantes aproximado de máis de 200 habitantes habituais e que no verán supera e non contan cunha traída de augas, e por suposto, tampouco contan con saneamento.

Os mananciais sitos nestas parroquias sofren de contaminación das augas o que os invalida para o consumo con seguridade sanitaria.

En marzo do ano do ano 2017 aprobouse, por unanimidade, no Pleno do Concello seguinte moción proposta polo grupo municipal do BNG:

"A Redacción dun proxecto, así coma a súa execución para que á maior brevidade posible as persoas e os negocios destes territorios contan cun servizo de augas axeitado á normas de salubridade e sanitarias actuais, que contemple tamén as bases para un futuro saneamento."

Ante a inacción do goberno municipal levouse adiante unha queixa ante a valeduría do pobo, dada a imperiosa necesidade de que estas tres parroquias puideran contar con auga potable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos dicir que desgrazadamente esta denuncia tivo un efecto ben limitado xa que non conduciu a conseguir ningunha solución para este problema, sendo a súa resposta o traslado da resposta da alcaldía onde o Alcalde aseguraba recoñecer a necesidade pero que se faría seguindo unhas prioridades e segundo disposición orzamentaria.

Interpelado a posteriori, o Alcalde responde que ten solicitado o proxecto a Augas de Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas necesarias, establecendo ámbitos temporais, para garantir a chegada de auga corrente potable a tódalas parroquias do rural galego.
2. Actuar do mesmo xeito para progresivamente dotar ás parroquias do rural do saneamento sanitario.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 16:07:00

María del Carmen Aira Díaz na data 28/09/2021 16:07:03



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación á xestión e funcionamento do aparcadoiro.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, no que se habilita á Xunta de Galicia para a inclusión e xestión dun posible aparcadoiro.

No Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2017, se establece que o Plan funcional do aparcadoiro será dimensionado polo Sergas posteriormente.

No proxecto de execución establécese que na 2ª fase do mesmo, investiranse 25 millóns de euros, que se destinarán a reformas no actual edificio e á creación dun aparcadoiro cuberto que dea servizo a persoas usuarias, familiares e persoal do centro.



A día de hoxe existen numerosas dúbidas sobre varios aspectos do novo Montecelo, que son sistematicamente ninguneadas pola Xunta de Galicia sen ofrecer respostas concretas.

Unha destas é o aparcadoiro, anunciado de ata 1400 prazas. Mais aínda non foi concretado o sistema de xestión, sobre o que existe a percepción de que será privado (como está sendo habitual nos casos en que o actual goberno da Xunta de Galicia reordena os aparcamentos anexos aos centros hospitalarios, co paradigmático caso do Álvaro Cunqueiro no que tivo que intervir o Concello de Vigo para remedialo) ou se utilizará outro tipo de modelo, pensado na necesidade de utilización por parte da cidadanía.

Esta situación de indefinición e ambigüidade está a provocar moito malestar e preocupación entre sindicatos, asociacións do eido sanitario, así como entre á cidadanía, potencial usuaria deste centro.

Ao Grupo Socialista como xa ten manifestado en diversas ocasións parécenos inadmisíble e intolerable que este aparcadoiro poida ser de pago, xa que entendemos que é un servizo público vinculado estreitamente a unha asistencia sanitaria de calidade, e por isto reclamamos a gratuidade do mesmo para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asinar un convenio co Sergas e o Concello de Pontevedra onde se recolla o compromiso de que calquera aparcadoiro público vinculado co Gran Montecelo sexa totalmente gratuíto para persoas usuarias, familiares e persoal do centro.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 16:33:38

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 16:33:44

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 16:33:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 16:34:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as necesidades sanitarias no concello de Soutomaior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Soutomaior leva anos asistindo a un desmantelamento sistemático da súa sanidade pública. Un desmantelamento que se traduce nun número de facultativos insuficiente e con cupos disparatados, na non cobertura das ausencias dos profesionais, no peche do consultorio de Romariz ou na falta de persoal de enfermaría, técnico e administrativo.

Esta situación, que leva anos afectando á veciñanza, non fai senón ir a peor. Namentres, tanto a Xunta de Galiza como o goberno municipal de Soutomaior, no canto de traballar para que se dote de inmediato o noso concello de máis médicos, adócanse a dar bandazos e crear cortinas de fume. Cortinas de fume e bandazos como anunciar unha ampliación do centro de saúde de Arcade e despois paralizala, o que implicou unha modificación puntual do PXOM co conseguinte custe económico para as arcas municipais. Ou como, despois deste fracaso, sumarse á proposta do BNG de construír un novo centro de saúde, mais nuns terreos que tal e como está a denunciar a veciñanza poden traer graves problemas para a atención sanitaria no municipio.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, o proxecto deste novo centro de saúde iniciouse de maneira unilateral e sen diálogo algún, nin coa veciñanza nin cun grupo político como é o do BNG que representa a metade da veciñanza, para avaliar as posíbeis ubicacións.

A veciñanza de Soutomaior non precisa nin de sectarismo nin de unilateralidade. Moi pola contra, precisa de acordos e do diálogo permanente coa veciñanza e cos seus representantes públicos para acadar unha sanidade pública de Soutomaior que responda ás necesidades reais do noso concello. Necesidades que deben cristalizar nun proxecto ambicioso que garanta servizos que precisa o noso concello e que representantes sanitarios cuantifican en cando menos: 4 médicos a xornada completa, 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xineconoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a garantir que a veciñanza de Soutomaior teña acceso a unha atención sanitaria digna no novo centro de saúde dotándoo de cando menos os seguintes servizos: 4 médicos a xornada completa, 5 enfermeirxs a xornada completa, servizo de Odontoloxía (en días alternos), servizo de xinecoloxía (en días alternos), servizo de fisioterapia (en días alternos), 2 traballadorexs de servizos xerais (administración), servizo de raios X e estudar e consensuar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade de unificación do servizo de urxencias con Pontesampaio e Vilaboa para atender as urxencias e non ter que desprazarse ao PAC da Parda.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2021 16:54:30

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2021 16:54:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 16:54:48





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Hai tempo que a empresa enerxética Naturgy está a facer un aproveitamento ilexítimo da explotación hidroeléctrica que, pese a caducidade da concesión, mantén no río Verdugo dende hai anos.

Esta empresa provocou nos últimos tempos unha nova agresión ao río Verdugo. Unha agresión motivada por unha modificación do caudal ecolóxico que someteu o ecosistema do Verdugo a unha seca forzada pola falla de caudal.

A seca, que afectou un metro en cada beira na franxa de vexetación de ribeira, motivou unha perda de auga de 1,71 hm³ así como o estreitamento do leito do río; poñendo en risco especies de flora e fauna que precisan dos caudais superiores.

Mais pese a esta agresión cometida pola empresa, o expediente sancionador de Augas de Galiza contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos resolveuse cunha sanción de tan só 7000 €. Unha contía que organizacións como *Ecoloxistas en Acción* cualifican de irrisoria e amparada nunha estimación infravalorada dos danos causados.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como denuncia *Ecoloxistas en Acción*, esta sanción foi catalogada incomprendiblemente como leve, non está sustentada en ningún informe de Augas de e podería ser tipificada como infracción grave segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Revisar o expediente sancionador contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos fixados para o Salto de Ponte Inferno e valorar a aplicación de sancións polo incumprimentos das diferentes normativas.

2. Modificar a Lei de pesca continental no seu capítulo de infraccións e Sancións, incrementando a gravidade deste tipo de infraccións e aumentando sensibelmente a contía das sancións cando se trate de empresas obteñan beneficios millonarios.

3. Iniciar os trámites para executar a caducidade da concesión da CH da Ponte do Inferno para o seu aproveitamento público e estudar a posibilidade de recuperar o caudal natural do río Verdugo.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 17:10:13

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 17:10:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Durante os primeiros meses deste ano tivo lugar unha intensa mobilización social no concello de Begonte tras coñecer a intención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de proceder á unificación dos CEIP de Baamonde e CEIP Virxe do Corpiño nun único centro, trasladando o alumnado do CEIP de Baamonde ao CEIP Virxe do Corpiño e empregar as instalacións do CEIP de Baamonde para un futuro conservatorio de música de incerta titularidade.

Este asunto tamén foi obxecto de preocupación deste grupo parlamentario que presentou diversas iniciativas, tanto preguntas ao Sr. conselleiro como de proposicións non de lei nas que se pedía que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantivese en funcionamento o CEIP de Baamonde, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro, dado que o número de alumnos se situaba seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as iniciativas encamiñadas a manter o centro en funcionamento foron rexeitadas cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que deste xeito deu cobertura a unha proposta que partiu do alcalde deste municipio que sempre consideramos, xunto coas nais e pais do alumnado do CEIP de Baamonde e veciños, fondamente carente de fundamento.

O certo é que o CEIP de Baamonde foi pechado e o seu alumnado trasladado ao CEIP Virxe do Corpiño.

Neste momento, xa iniciado o curso, non semella que exista ningún avance coñecido sobre o futuro uso das instalacións do centro.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que demande do Concello de Begonte a remisión de xeito inmediato do proxecto e planificación dos usos que lle pretende dar ás instalacións do CEIP de Baamonde.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:37:47

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2021 17:38:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 17:38:20



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixa as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha



mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar con carácter urxente unha mesa de traballo, na que estean convocados sindicatos e asociacións máis representativas do eido sanitario co fin de acadar, de forma consensuada, antes do remate das obras do gran Montecelo, un futuro plan de usos para o hospital provincial.
2. Que se comprometa a que o Hospital Provincial de Pontevedra teña un futuro uso público e de carácter sanitario ou socio-sanitario.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/09/2021 17:51:19

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 17:51:26

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 17:51:34

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 17:51:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación do transporte sanitario terrestre en Galicia vén acumulando, case sistemáticamente, problemas derivados dunha ineficiente xestión e unha desatención do servizo por parte da Xunta de Galicia. O modelo de concesión do servizo tivo asociado, neste caso, problemas de carácter legal coa concesión dun dos últimos concursos (por valor de máis de 120 millóns de euros), xudicializado tras denuncias sobre favorecemento a determinadas empresas. Encontrouse despois con un continuo problema na relación laboral d traballadores coas empresas concesionarias, contando estas coa complicidade da Xunta de Galicia que evitou asumir a súa responsabilidade no control da prestación dos servizos públicos.

No plano asistencial, a necesidade de ambulancias medicalizadas é unha demanda insistente de usuarios e, moi sinaladamente, dos profesionais que prestan os seus servizos no propio transporte sanitario e nos centros sanitarios, especialmente aqueles que o fan nos servizos de urxencias. A pesares disto, a Xunta de Galicia racaneou esta dotación, o que deixou nunha dotación inferior á necesaria a moitas zonas que precisan destas ambulancias.

A capacidade asistencial do servizo de transporte sanitario ven sendo obxecto de situacións de notorio estrés e risco para os profesionais e para a cidadanía. O persoal que traballa neste servizo, mediante concesión, sostén a eficacia da asistencia a pesares dunhas condicións laborais difíciles e dunha dotación moi escasa de medios materiais e humanos. Estas circunstancias provocan algúns episodios de fatais desenlaces nos que os profesionais advirten da limitación destes recursos, e da imposibilidade de responder en moitas ocasións ás necesidades que aparecen con toda a eficiencia que o sistema merece.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

1. Iniciar o proceso de reversión ao sistema público, en titularidade e xestión directa, do sistema de transporte sanitario terrestre programado.
2. Realizar un informe exhaustivo sobre a viabilidade de incluír na reversión do sistema ao control público pleno tamén ao transporte sanitario terrestre urgente.
3. Apoiar, mentres os procesos de reversión ao sistema público da xestión e titularidade do servizo de transporte sanitario terrestre non se concreten, as reivindicacións dos profesionais que traballan no servizo concesionado, mediando ante as empresas concesionarias para garantir as mellores condicións posibles para o persoal do que depende a atención sanitaria á cidadanía neste servizo.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2021 18:02:09

Marina Ortega Otero na data 28/09/2021 18:02:16





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 18:05:01
Nº Rexistro: 22991
Data envío: 28/09/2021 18:05:01.389

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 18:02:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJnZazVF5x1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Jose Manuel Balseiro Orol, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Corina Porro Martínez, María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**

O pasado mes de xuño a Xunta activaba o 3º Plan de rescate que incluía axudas directas para persoas traballadoras autónomas por valor de 234,4 millóns de euros, nesta ocasión, con cargo a fondos estatais asignados a Galicia.

Desafortunadamente a nova orde de convocatoria non incluía requisitos tan flexibles como os previstos nos dous plans de rescate anteriores, financiados con fondos propios da Xunta, xa que a administración autonómica debía axustarse obrigatoriamente ao marco xurídico das axudas imposto polo Goberno central no Real Decreto-lei 5/2021.

Estas circunstancias parecen ser o factor determinante para que moitas empresas e traballadores autónomos decidan non pedir as axudas e, de feito, está a rexistrarse un menor número de solicitudes en comparación con convocatorias anteriores.

Desde o Goberno galego, e tamén desde o Grupo Parlamentario Popular, vemos con preocupación que as trabas burocráticas e a dureza dos requisitos estatais, derive nunha falta de aproveitamento destas axudas.

As organizacións de persoas autónomas coinciden en que o menor interese amosado nesta terceira convocatoria do Plan de rescate ten que ver máis cos criterios impostos polo Goberno central e o deseño errado da lexislación estatal de referencia, que cunha menor necesidade de axudas para mellorar a liquidez e solvencia das súas empresas.

Hai incluso quen apunta a que decenas de pemes e autónomos non poden pedir as axudas por non cumprir os requisitos. Por poñer un exemplo quedan fora aquelas empresas que aínda rexistrando perdas, estean ao corrente de pagos.

O sector tamén apunta a que este non é un problema exclusivo de Galicia, se non que se repite en todas as comunidades que convocaron esta orde de axudas e nas que, como no caso de Galicia, non obtiveron resposta sobre a posibilidade de reformular as bases do decreto estatal para facilitar o acceso a estes fondos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Con todo, unha das consecuencias máis negativas da falta de interese destas axudas ten que ver co risco de perda dos fondos estatais asignados a Galicia xa que de non comprometerse estes recursos, segundo o convenio imposto polo Ministerio de Facenda, a Xunta tería que reintegrar o diñeiro non adxudicado antes do 31 de decembro de 2021.

Non parece lóxico, nin admisible, que a falta de sensibilidade do Goberno central termine por traducirse nunha redución dos recursos destinados a axudas directas coas que se trata de achegar liquidez aos autónomos e empresas, apoiar a súa solvencia e acompañalos no camiño da recuperación.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, con carácter urgente, flexibilice máis os requisitos que a normativa estatal impón para ser beneficiario das axudas directas en apoio de pemes e persoas autónomas, de tal xeito que se acade un maior aproveitamento dos recursos incluídos no 3º Plan de Rescate.

Nomeadamente suxírese a adopción, entre outras, das medidas que se detallan a continuación:

- a) Posibilitar que as axudas se destinen a satisfacer calquera tipo de gasto, bastando con acreditar unha caída do volume de facturación do 30% en 2021 para acceder ás mesmas
- b) Eliminar os límites máximos porcentuais das axudas do 40% ou 20% para determinar a axuda máxima, fixándoa en todos os casos en 200.000 euros.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/09/2021 17:21:22

José Manuel Balseiro Orol na data 24/09/2021 17:21:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/09/2021 17:21:49

María Corina Porro Martínez na data 24/09/2021 17:21:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2021 17:22:20

José Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2021 17:22:54

Noelia Pérez López na data 24/09/2021 17:23:06

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 24/09/2021 17:23:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 24/09/2021 17:23:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Chavín (Viveiro) supón, por desgraza, un novo revés para a Mariña de Lugo, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de autonomía atribúe ao Goberno galego a competencia exclusiva en “fomento e planificación da actividade económica de Galicia”, o Partido Popular non fixo absolutamente nada ao respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16 %. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto coa galega, o peso da industria no PIB acada o 33 %.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os noso veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta de Galicia.

A Mariña lucense, que leva tempo inmersa na preocupación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora a ameaza de peche dunha nova industria importante, para a comarca e a súa provincia, sen que chegue dende o Goberno galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

O PSdeG reclamou en varias ocasións ao Goberno da Xunta de Galicia un plan de industrialización para a Mariña lucense e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cómpre lembrar que xunto coas competencias mencionadas no punto 1, do artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2), así como os “programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas” (punto 7b) e os “programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”.



A Mariña lucense está a sufrir unha crise industrial de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia non cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Adoptar todas as medidas de apoio aos traballadores e traballadoras afectadas polo anuncio de peche da factoría de Vestas en Chavín (Viveiro) e para as súas familias.

2º) Realizar un plan de reindustrialización para a Mariña Lucense, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 28/09/2021 17:30:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2021 17:30:40

Martín Seco García na data 28/09/2021 17:30:55

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2021 17:31:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2021 17:31:21



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento, Corina Porro Martínez e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Na comparecencia ante o Parlamento de Galicia na que explicou as súas liñas de traballo para esta lexislatura, o Conselleiro de Sanidade anunciou a intención da Xunta de elaborar un plan de infraestruturas de atención primaria, co obxectivo de fixar novas prioridades en función das necesidades existente, mellorando tanto a asistencia prestada aos cidadáns, como a contorna de traballo dos profesionais do sistema sanitario público de Galicia.

A mellora constante dos servizos sanitarios para prestar unha atención de calidade é un dos principios fundamentais do Servizo Galego de Saúde. En Galicia xa se están a construír novas infraestruturas sanitarias mais amplas e con maior humanización. Empréndese este novo escenario de transformación e consolidación dun novo modelo de atención primaria máis proactivo e con maior vocación comunitaria.

Os centros integrais de saúde son un modelo que queremos estender e potenciar e recentemente a Xunta ten optado por estes centros, que integran a atención primaria ordinaria coas urxencias dos Puntos de Atención Continuada e a presenza de determinadas consultas especializadas, con proxectos xa en marcha en cidades como Lugo ou Vigo e recentemente tamén co anuncio da creación dun novo en Ourense.

Pero tamén se teñen revelado como útiles para mellorar a asistencia sanitaria de comarcas populosas que están relativamente alonxadas dos seus hospitais de referencia: así, o CIS que se está a construír en Lalín ten previsto prestar asistencia a preto de 40.000 pacientes da comarca do Deza, evitando desprazamentos cara o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Desde o Grupo Popular de Galicia consideramos que a comarca de Bergantiños cumpre cos requisitos para contar tamén cun Centro Integral de Saúde destas características, pois trátase dunha comarca con máis de 60.000 habitantes e cuxa capital está a unha distancia de arredor de media hora en coche do hospital de referencia.



Na actualidade, como capital da comarca de Bergantiños, o concello de Carballo conta cunha atención primaria na que están incorporadas todas as actividades da carteira de servizos co que conta este nivel asistencial, tanto en atención primaria como en servizos de atención especializada (cirurxía xeral e dixestiva, xinecoloxía, oftalmoloxía, radiodiagnóstico, reumatoloxía, traumatoloxía e unidade de saúde mental), así como cun Punto de Atención Continuada.

O actual inmovible ocupado polo centro de saúde de Carballo atópase en boas condicións, polo que consideramos que a creación dun centro integral de saúde nesta vila para toda a comarca de Bergantiños non requiría a construción dun novo edificio. Apostamos por efectuar unha reforma integral e ampliación do existente para potenciar a súa capacidade resolutiva e dar cabida á incorporación dun maior número de servizos e pacientes.

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a contemplar, dentro do seu futuro Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, a remodelación integral e ampliación do actual centro de saúde de Carballo para acoller nel un Centro Integral de Saúde que dea servizo a toda a comarca de Bergantiños”.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/09/2021 09:54:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/09/2021 09:55:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/09/2021 09:55:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 29/09/2021 09:55:45

Noelia Pérez López na data 29/09/2021 09:55:59

José Alberto Pazos Couñago na data 29/09/2021 09:56:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/09/2021 09:56:34

María Corina Porro Martínez na data 29/09/2021 09:56:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/09/2021 09:57:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza leve a cabo as medidas necesarias para garantir o mantemento do traballo na factoría de Vestas en Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Mariña leva moitos anos sufrindo unha constante desertización do sector industrial que daba e aínda dá traballo a moitos e moitas mariñás. Esta situación acelerouse na última década, tendo unhas graves consecuencias como o regueiro de desempregadas e desempregados dunha punta a outra da Mariña. Estes desempregados e desempregadas non son outra cousa que a consecuencia de peches e EREs de empresas referentes na comarca coma Ecar, Mobles Hermida, Sargadelos, Gres Burela, Construcións Mon e un longo etcétera que pecharon ou reduciron notablemente os seus planteis, xerando soamente en empregos directos unha perda duns 1000 traballadores.

A este inmenso baleirado empresarial temos que engadirlle a grave situación que seguimos a vivir coa factoría de Alcoa San Cibrao e máis recentemente coa fábrica de Vestas en Viveiro. Esta última ten enriba a ameaza dun peche que conlevaría a perda doutros 115 traballadores e traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todo isto provoca que a situación da comarca sexa aínda peor e para moitos e moitas menos entendible, xa que en pleno boom eólico como o que está a sufrir o noso país asistimos ao peche de fábricas de aeroxeradores coma Vestas.

Non é casualidade que todo o dito anteriormente ocorrese na década de goberno do Partido Popular en Galiza e que supuxo un golpe moi duro para a industria mariñá e galega levando a que a situación acadase un niveis de urxencia coma nunca antes se vivira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo un Plan de Emprego e Industrialización na comarca da Mariña co obxectivo de impulsar o sector industrial e empresarial na mesma.
2. Realizar as medidas necesarias para garantir o mantemento dos postos de traballo na factoría de Vestas en Viveiro.
3. Desenvolver as modificacións legais necesarias para garantir o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta a construción de compoñentes e subministros no noso país e a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/09/2021 10:12:39

Ramón Fernández Alfonso na data 29/09/2021 10:12:50

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 10:12:56

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 10:13:02

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2021 10:13:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Begonte conta con máis de 3.000 habitantes dos cales máis de 300 están censados na parroquia de Baamonde.

A localidade de Begonte conta cun centro de Saúde con 2 médicas/os de familia co correspondente plantel de enfermería. A localidade de Baamonde conta tamén cun consultorio ao que o médico acudía unhas horas determinados días á semana e que dá asistencia á poboación da Vila e tamén a unha serie de parroquias ao redor.

Con motivo da pandemia, este consultorio foi pechado co argumento de non poder establecerse a dobre vía para a circulación de usuarias e usuarios.

A normalidade vai volvendo trala vacinación masiva da poboación, pouco a pouco as medidas preventivas son cada vez máis adaptadas á realidade marcada pola pandemia que cada vez é máis parecida á situación previa, en cambio o consultorio de Baamonde non se reabre.

Entendemos a apertura dos consultorios en xeral como un esforzo de achegar a asistencia sanitaria á poboación para garantir a igualdade, accesibilidade e universalidade da asistencia sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a idade media da poboación neste concello é cada vez máis elevada, contando no 2018 con máis de 1.500 persoas maiores de 60 anos, entendemos que agora serán máis.

Non é pouco o esforzo económico e persoal que as persoas maiores teñen que facer para acudir a Begonte para recibir atención médica alí, é suficiente que teñan que ir ás cuestións relacionadas coa enfermidade.

Entendemos que abrir este consultorio é unha cuestión de vontade política, as máis de 3.000 Tis do Concello obrígaos a manter polo menos 2 médicas/os, que teñen a obriga de dispensar asistencia dentro do concello de Begonte, polo tanto non se incrementa o gasto de ningún xeito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que garanta a carteira de servizos sanitarios nas localidades que contan con consultorio na zona de Lugo Centro, nomeadamente na localidade de Baamonde, que acumula máis de ano e medio pechado sen que neste momento estea xustificado.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/09/2021 12:04:44

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:04:55

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:05:08

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 12:05:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a obriga de control e fiscalización da Xunta de Galiza sobre as empresas que xestionan residencias de titularidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza –e segundo os datos publicados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais-- existen a día de hoxe dez residencias de titularidade pública xestionadas por empresas e entidades privadas en réxime de concesión: oito polas empresas do grupo DomusVI (Geriatros S.A. e Quavitae S.A) e dúas pola Fundación Valdegodos.

Este é un exemplo máis do modelo privatizador das residencias de maiores que drena cantidades inxentes de diñeiro público á empresa privada. Cómpre lembrar que no noso país, apenas o 20% das prazas son públicas e nin sequera todas elas están xestionadas directamente pola administración.

Malia todo, a Xunta de Galiza ten a obriga e responsabilidade de velar polo respecto dos dereitos fundamentais das persoas usuarias nestes centros, pola calidade na prestación do servizo e tamén polo cumprimento das obrigas establecidas nos pregos de concesión. Porén, isto non está a acontecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo recolle o Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes elaborado polo Consello de Contas:

Na verificación do procedemento de pago da facturación das estancias polas xefaturas territoriais detectouse que as residencias non xuntan coa factura mensual toda a documentación requirida para o pagamento. Non consta que se acompañe o organigrama e o cadro de persoal do centro coa súa identificación, número de afiliación á seguridade social e categoría profesional; nin tampouco os tc1 e tc2 da seguridade social; nin, no seu caso, as facturas dos servizos complementarios contratados.

O control efectuado nas xefaturas territoriais para a proposta e aprobación do pago da factura limítase á comprobación das incidencias relativas ás estancias dos usuarios declaradas pola entidade contratista. Tampouco se efectúa un control sobre os ingresos percibidos dos usuarios en concepto de copago do servizo.

O sinalado polo Consello de Contas é gravísimo, desde o punto de vista do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, porque evidencia unha deixadez de funcións inadmisíbel e unha actitude totalmente irregular por parte da administración pública.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara no prazo máximo de dous meses un informe no que se inclúa, cando menos, a seguinte información:

a) Relación detallada e actualizada das residencias de maiores de titularidade autonómica cuxa xestión está concesionada a empresas e/ou entidades privadas, titular





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da concesión e período de vixencia da concesión indicando a data de inicio e finalización da mesma.

b) Copia dos pregos que rexe a concesión en cada un dos centros residenciais.

c) Custe da concesión para as arcas públicas tanto no cómputo total como desagregado por centro residencial.

d) Copia da documentación correspondente ao control da liquidación e facturación das concesións (anos 2018, 2019 e 2020).

e) Copia das actas de inspección e dos expedientes sancionadores incoados nos últimos catro anos ás residencias de titularidade pública de xestión privada.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 12:37:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 12:37:22

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 12:37:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á evolución da economía galega e á valoración da Xunta de Galiza respecto do Informe de Conxuntura Socioeconómica do Foro económico de Galiza respecto do terceiro trimestre de 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro de 2021 o Foro económico de Galiza facía público o seu Informe de Conxuntura Socioeconómica respecto do terceiro trimestre dese mesmo ano. En dito documento o foro analiza como o segundo trimestre do ano experimenta unha tendencia de recuperación cunha medra do 17,5% respecto ao segundo trimestre do ano anterior. É necesario recordar como naquela altura a economía internacional sufría unha contracción sen precedentes por mor da crise da covid-19, agravado polas restricións para conter as diferentes vagas e gromos da pandemia.

Malia estes datos positivos e aliñados coa evolución das economías da contorna, o Foro matiza como esta recuperación debe considerarse aínda como incompleta ao ter en conta que o PIB real aínda se atopa 4,2 puntos por baixo do nivel prepandemia. Este comportamento sería mellor que o do Estado e doutras zonas de forte industrialización na medida en que a caída foi tamén menor, como aconteceu, salvando as distancias, na crise de 2008.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, outra cuestión na que insiste o Foro é na desigualdade desta recuperación económica, singularmente se analizamos os diferentes sectores ou o impacto no emprego. Así, podemos ver como o medre do sector industrial é meirande no conxunto do Estado español e, porén, o medre do sector servizos é meirande en Galiza, amosando o evidente proceso de terciarización da nosa economía que era preexistente á irrupción da pandemia. Por outra banda, respecto do ámbito laboral é preocupante como o Informe sinala que se constata un deterioro na calidade do emprego (atendendo ao incremento do traballo a tempo parcial e á suba do colectivo de traballadores e traballadoras con contrato temporal ao tempo que se reducen os indefinidos) e un incremento da desigualdade entre homes e mulleres polo incremento do peso relativo do emprego a tempo parcial entre as mulleres.

É necesario que a Xunta de Galiza avalíe estes indicadores de cara a planificar a orientación da economía galega e corrixir as desigualdades e debilidades existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo ao abeiro do Consello Económico e Social co obxectivo de impulsar e remitir á Cámara para o seu debate dous documentos de traballo:

1. Elaborar unha batería de medidas do ámbito social e económico co obxectivo de conseguir que o sector industrial supoña o 20% do PIB en 2023 e o 25% do PIB en 2030.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar un Plan de emprego feminino que deberá abranguer, entre outras, medidas dirixidas a garantir o mantemento do emprego naqueles sectores amplamente feminizados afectados pola crise evitando o impacto social e de xénero que tería a súa destrución así como accións tendentes a mellorar a empregabilidade das mulleres, especialmente naqueles ámbitos en que actualmente están infrarrepresentadas e que representan sectores puxantes, garantindo condicións laborais e salariais dignas.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 12:43:36

Ramón Fernández Alfonso na data 29/09/2021 12:43:49

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 12:43:57





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2021 12:44:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os criterios da Xunta de Galiza para a creación de novas residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, a través da conselleira de Política Social, anunciou en días recentes que construíra unha nova residencia de maiores no Concello de Ribeira “a primeira do novo modelo” segundo avanzou o goberno galego.

Unha infraestrutura que fica á marxe das sete residencias cuxa construción está prevista nas sete cidades galegas.

Unha ledicia, inseguro, para a veciñanza de Ribeira e da comarca da Barbanza da que o Bloque Nacionalista Galego se alegra. Descoñecemos con que modelo de xestión funcionará o centro. Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza xa é titular dun centro residencial nesta vila en mans da empresa DomusVI.

Ao grupo nacionalista gustaríanos coñecer que criterios utiliza a Xunta de Galiza para decidir a ubicación das novas infraestruturas sociais, concretamente de residencias de maiores toda vez que no noso país existe un enorme déficit de prazas públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai moitos concellos e comarcas que precisan deste servizo público para garantir o dereito a unha vellez digna e nos que a Xunta de Galiza non prevé realizar ningún investimento e mesmo ten rexeitado expresamente calquera construción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir á Cámara no prazo máximo de tres meses un Plan de construción de novas residencias de maiores debidamente calendarizado e orzado no que se indiquen obxectivos anuais e criterios de distribución dos novos centros.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2021 13:37:44

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 13:37:48

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 13:37:55

Rosana Pérez Fernández na data 29/09/2021 13:38:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e das deputadas **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre os parques eólicos proxectados no concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A páxina web do Rexistro eólico de Galiza amosa varios proxectos para a instalación de parques eólicos no Concello de Ferrol, denominados CT/SUB:264.BRIÓN, CT/SUB:310.FERROL, e CT/SUB:222.MONTEVENTOSO, este último afectaría tamén ao concello de Narón.

O grupo parlamentar do BNG temos presentada, a través do artigo 9 do regulamento, unha solicitude para que se nos remita copia dos expedientes de eses proxectos, con data de rexistro do 13 de abril do 2021.

No momento en que redactamos a presente iniciativa aínda non se nos facilitou a documentación solicitada.

O grupo municipal do BNG do concello de Ferrol dirixiuse o 19 de abril do 2021 directamente á Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais para solicitar información de eses proxectos e foille remitida a documentación ambiental de inicio, onde se concretan entre outros extremos o número e dimensións de aeroxeradores, ou o territorio que ocuparían as poligonais dos parques.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, carecemos de máis información ao respecto duns proxectos que teñen provocado gran alarma social nos concellos de Ferrol e Narón, xa que os lugares onde se prevé a instalación dos parques, nos altos da entrada da ría, na parroquia de Brión, e por detrás da liña de costa das praias de Doniños, San Xurxo e Ponzos, están moi próximos a zonas habitadas, e son ademais lugares de gran valor paisaxístico, natural, e cultural, de feito están ao pé de lugares que gozan de diferentes figuras de protección, entre eles o LIC Costa Ártabra. Todos eles lugares emblemáticos, moi visitados, inmensamente apreciados por todos os veciños e veciñas da comarca de Ferrol.

Por outra banda parece imposíbel evitar o impacto visual desde practicamente todo o casco urbano de Ferrol que tería o parque denominado Ferrol, na parroquia de Brión, xusto enriba do Castelo de San Felipe, a maior abundamento parte fundamental do denominado Conxunto arsenal castelos da Ría de Ferrol, proposto unanimemente polo Parlamento galego, e por iniciativa do BNG, para a súa declaración como patrimonio da humanidade no ano 2001.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a defender o patrimonio paisaxístico, natural, histórico, e cultural dos concellos de Ferrol e Narón, impedindo a consumación de agresións contra este patrimonio e promovendo iniciativas para un desenvolvemento económico sustentábel e que garanta un retorno económico na zona, como por exemplo:

1. A ampliación da REDE NATURA e nomeadamente o LIC Costa Ártabra.
2. Poñer en valor o patrimonio histórico e arqueolóxico, e nomeadamente as mámoas da parroquia de Brión, o castro de Lobadiz no monte de Doniños-San Xurxo, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ermida e o castro de Sta. Comba en Covas, no concello de Ferrol, e o castro de Vilasuso e a Pena Molexa na parroquia do Val, no concello de Narón.

3. Constituír un Centro de interpretación arqueolóxica destinado á valorización e divulgación tanto do patrimonio material como inmaterial.

4. Retomar o impulso da candidatura do Conxunto arsenal castelos da ría de Ferrol a patrimonio da humanidade.

5. Impulsar un desenvolvemento das enerxías renovábeis sustentábel e respectuoso co medio e coas poboacións, que garanta un retorno económico para Galiza e para as zonas produtoras a través da constitución dunha empresa pública de enerxía.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 29/09/2021 17:17:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 29/09/2021 17:17:12

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2021 17:17:18

Daniel Pérez López na data 29/09/2021 17:17:28

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2021 17:18:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consultorio que o Sergas mantiña na rúa Manuel Comellas do concello de Ferrol, situada no barrio de Ferrol Vello, continua pechado tras a decisión da Area Sanitaria de Ferrol de pechalo coa escusa da pandemia da covid-19 en marzo do ano pasado, trasladando o servizo ao centro de saúde Fontenla Maristany.

O consultorio de Ferrol Vello tiña asignadas ao redor dun milleiro de tarxetas sanitarias. A situación actual, co consultorio pechado, é rexeitada enerxicamente pola veciñanza do barrio que reclama que se poña de novo en funcionamento. Hai que ter en conta que unha boa parte das persoas usuarias que vive no barrio son xente de avanzada idade, e ter que desprazarse até o Fontenla Maristany supón un trastorno para elas.

A Xunta de Galiza ven reducindo e concentrando servizos en detrimento dun modelo asistencial de proximidade e presencial, absolutamente necesario desde o punto de vista preventivo, e agora o consultorio de Ferrol Vello parece ter o mesmo futuro que o consultorio que existía na Graña e que atendía á veciñanza dunha parte da zona rural de Ferrol.

Para o BNG a Xunta debera reforzar a sanidade pública no seu conxunto e nomeadamente os servizos de atención primaria, reabrindo os consultorios pechados, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dotándoos dos recursos humanos e técnicos necesarios para recuperar definitivamente as consultas presenciais. Un servizo sanitario próximo ás persoas usuarias é preciso para unha correcta prestación da asistencia.

É por todo isto que o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a tomar as medidas necesarias para a inmediata reapertura do consultorio de Ferrol Vello no concello de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 29/09/2021 17:42:42

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2021 17:42:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2021 17:42:54

Ana Pontón Mondelo na data 29/09/2021 17:43:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela** e da súa **deputada Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O problema da variabilidade e a falta de atención por parte da Xunta de Galicia sobre as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa ten sido obxecto de numerosas críticas e problemas xurdidos dende o sector traballador do mar. Sen embargo a posición rocosa e conformista do goberno da Xunta de Galicia ten fomentado a perda de capacidade produtiva da ría, o que vén aumentando o abandono de permisos de marisqueo que teñen caído en preto de 3000 na última década.

O modelo de xestión das zonas de libre marisqueo foi tamén un problema xerado pola Consellería do Mar, quen abandonou as súas responsabilidades entregando a capacidade de xestión ás propias confrarías pero sen dotar dos medios axeitados os recursos necesarios para elo. O obxectivo do Goberno galego de fomentar a existencia de dificultades e problemas estase a cumprir, pero a gravidade da situación aumenta no que corresponde á produción e aproveitamento do traballo por parte do sector do mar.

Nas recentes datas volven a existir problemas derivados do abandono da xestión que fixo a Xunta de Galicia dos bancos marisqueiros na ría de Arousa, fomentando a confrontación entre o sector que tanto réditos lle dá e ao igual que fixo noutros ámbitos como mexilloeiros fronte a bateiros.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer un papel conciliador e mediador no que corresponde á xestión dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, dotando de medios e recursos aos colectivos que teñen a responsabilidade de facelo e recollendo as valoracións das confrarías para avaliar a necesidade ou non de reverter o sistema actualmente aplicado se así é demandado.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 12:29:47

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 12:31:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2021 12:31:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos e na sociedade actual, o sector turístico ten que renovarse continuamente o que implica a necesidade de mellorar a calidade da oferta, así como unha loita continua contra o axuste estacional. Neste contexto xorden os xeodestinos. Temos aquí unha gran ferramenta na nosa terra para axudar ó sector turístico a saír desta crise no que está inmerso.

Os xeodestinos turísticos que existen actualmente en Galicia están agrupados por concellos das catro provincias galegas, onde espazos de interese natural e histórico agardan ao viaxeiro.

A Lei 7/2011 de turismo de Galicia, do 27 de outubro, recolle no seu artigo 23 o concepto de xeodestinos turísticos, que define como *"as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseado nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais."* O artigo sinala que será *"a consellería competente en materia de turismo"* a encargada de definir estes xeodestinos, previa consulta cos concellos e *"as entidades supramunicipais interesadas"*.

O ritmo de traballo arredor dos xeodestinos que a Xunta de Galicia amosou no 2011 - Lei de turismo en outubro e mapa en novembro - non veu acompañada dun desenvolvemento normativo posterior. E a actuación da Xunta de Galicia ten xerado tanto as queixas dos concellos como amplas dúbidas da situación real dos xeodestinos.

O escaso tempo transcorrido entre a presentación da lei e o mapa, fai albergar dúbidas razoables acerca de se a Xunta de Galicia - como dixo daquela - tivo oportunidade de contar coa opinión de todos os concellos de Galicia. Ademais, o mapa de xeodestinos nunca foi elevado á categoría de documento oficial. Non foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A pesares diso, o mapa foi



revestido de oficialidade e, de feito, é o documento que a propia Xunta de Galicia vén tendo en conta á hora de distribuír as axudas públicas ós xeodestinos.

O Grupo Parlamentario Socialista lamenta a confusión xerada pola Xunta de Galicia en torno ó concepto de xeodestino, confusión que lle resta eficacia á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento de crise sociosanitaria, no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo para sobreporse ó efecto da covid.

O Parlamento galego aprobou por unanimidade o pasado mes de marzo unha proposición non de lei onde o Grupo Socialista instaba a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

A Xunta de Galicia ten que abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

E ese mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e feitos os cambios oportunos, deberá adquirir un verdadeiro carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao cumprimento da resolución aprobada por unanimidade na Comisión 6.^a o día 17 de marzo de 2021 onde dicía, que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, despois da consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición do seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/09/2021 12:35:03

Martín Seco García na data 30/09/2021 12:35:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2021 12:35:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xeito de comunicarnos e relacionarnos co mundo e coas persoas cambiou moito nas últimas décadas e anos. Un dos principais motivos deste troco está relacionado coa aparición das redes sociais e da Intelixencia Artificial.

Estas plataformas mudaron de xeito radical a maneira de falar coas persoas, de coñecer xente, de traballar ou de empregar os instrumentos que nos rodean entre outros moitos aspectos. Neste sentido, todas as persoas viron as súas vidas afectadas por esta revolución dixital, mais se houbo alguén que o notou directamente foi a mocidade.

A mocidade está case dun xeito constante nas redes sociais e polo tanto unha grande parte da súa comunicación se leva a cabo nas mesmas. Deste xeito, resulta evidente que a presenza da lingua galega en todas estas plataformas se volve vital para a súa normalización.

As razóns que explican esta afirmación son moi sinxelas. A primeira é por unha sinxela cuestión de dereitos lingüísticos. Os e as galegas e calquera outro habitante do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mundo ten dereito a poder ter as súas redes sociais ou a comunicarse cos instrumentos que a rodean en galego, na súa lingua.

A segunda está relacionada coa plena normalización da nosa lingua. Unha lingua non pode estar normalizada se non ten presenza nos espazos no que os seus falantes están ou participan dun xeito constante.

Por último, temos a razón do prestixio. Sermos capaces de permitir que o Facebook, o Instagram, o Twitter, o Tiktok, Siri, Whatsapp, Twitch ou moitas outras aplicacións estean en galego fornecerían á nosa lingua dun maior prestixio que facilitaría que moitas persoas desen o paso a falar galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a facer os trámites necesarios para que a lingua galega estea dispoñible de xeito inmediato en Facebook, Instagram, Twitter, Tiktok, Whatsapp, Twitch, Siri ou calquera outra das principais plataformas dixitais do momento.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/09/2021 13:49:13

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 13:49:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 13:49:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a organización dunha homenaxe ás vítimas do fascismo franquista e a celebración do día da Galiza Mártir.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento galego organizou en xaneiro de 2018 unha homenaxe ás vítimas galegas do nazismo. Se ben desde o BNG compartimos a oportunidade e a necesidade desa homenaxe, chama a atención que se organice un acto de reparación das vítimas do nazismo e non se faga o mesmo coas vítimas do franquismo. Semella que hai vítimas de primeira e vítimas de segunda, vítimas lembradas e vítimas esquecidas.

Nunha democracia madura e avanzada, o normal sería honrar e homenaxear as persoas que loitaron polos dereitos democráticos e polas liberdades. Os homes e mulleres que defenderon os dereitos de Galiza e foron perseguidas por iso. As persoas que foron asasinadas, encarceradas, espoliadas, torturadas, roubadas, excluídas, depuradas e desterradas. Todas estas persoas merecen o recoñecemento e a homenaxe das institucións galegas, comezando pola Xunta e o Parlamento.

Por outra parte, no calendario da memoria histórica existe o Día da Galiza Mártir, data que honra a memoria e a loita de Alexandre Bóveda e a de todos os homes e mulleres que coma el sufriron a persecución e o asasinato polo fascismo franquista español.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Esta data foi instaurada en agosto de 1942 en Buenos Aires pola Galiza do exilio, que escolleu o día do asasinato de Alexandre Bóveda para simbolizar nel as arelas dunha xeración única e irrepetíbel, así como a devastación que o fascismo levou a cabo en Galiza en forma de asasinatos, cárcere, exilio, tortura, exclusión, depuración, vexacións, espolio, violacións e outras manifestacións do terror. Foi precisamente Castelao quen mellor expresou esta barbarie mediante as estampas da guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza) e a través do cadro que representa o asasinato de Alexandre Bóveda: “A derradeira lección do mestre”.

Ao longo dos últimos anos, numerosas entidades e institucións demandaron a institucionalización do Día da Galiza Mártir. En 2013, a Fundación Alexandre Bóveda iniciou unha campaña neste sentido, que se concretou na presentación dunha proposición non de lei a través da Comisión de Peticións do Parlamento galego. Pola súa parte, numerosas entidades locais, entre elas o concello de Poio, o concello de Pontevedra, a Deputación de Ourense e a Deputación de Lugo aprobaron acordos plenarios demandando a oficialización da data e a organización de actos encamiñados á rehabilitación pública e política de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas galegas da Ditadura franquista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda como resolución organizar unha homenaxe ás vítimas do fascismo franquista en Galiza, contando coa participación das asociacións de memoria histórica e as vítimas.

Ademais, o Parlamento acorda como resolución conmemorar oficialmente, cada 17 de agosto, o Día da Galiza Mártir en honra de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas do franquismo en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Institucionalizar o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir, para honrar a Alexandre Bóveda e a todas as persoas perseguidas e asasinadas polo franquismo en Galiza.
2. Organizar anualmente un acto institucional con motivo desta data e crear os Premios da Galiza Mártir co obxecto de recoñecer a entidades e persoas con unha traxectoria destacada na recuperación da memoria histórica democrática galega.
3. Desenvolver anualmente un programa actividades para dar a coñecer a vida e a obra de Alexandre Bóveda e dos compañeiros e compañeiras de xeración que foron perseguidos e asasinados polo franquismo en Galiza.
4. Dirixirse ao goberno do Estado para que se promovan as iniciativas necesarias para a rehabilitación de Alexandre Bóveda e para a anulación da sentenza que o condenou a morte, así como para a anulación de todas as sentenzas, expedientes e sancións ditadas durante a Ditadura contra cidadáns e cidadás galegos por motivos políticos, ideolóxicos, de crenzas, de raza ou de diversidade sexual.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 16:25:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/09/2021 16:25:34

Iria Carreira Pazos na data 30/09/2021 16:25:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á demanda dunha solución para o sector da produción industrial de aluminio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade da Coruña segue inmersa nun proceso de desindustrialización ante o que o goberno galego parece asistir na distancia como simple observador, botando balóns fora, e renunciando a exercer a súas competencias, no que representa unha dimisión de feito das súas responsabilidades de goberno.

Neste proceso salienta a crise da planta de Alu Ibérica na Coruña, cuxo persoal, sometido por activa e por pasiva a todo tipo de tensións, está a vivir unha grave situación laboral e persoal.

En resumo, un comportamento empresarial delituoso e unha tolerancia gobernativa imposíbel de xustificar están a piques de consumir o peche definitivo da fábrica e a perda de 300 empregos industriais na comarca da Coruña.

A relación de incumprimentos empresariais é longa de reproducir, e a cronoloxía de feitos é coñecida, aínda que a Xunta de Galiza pretenda borrarse daquelas fotos que retrataron os acordos que están na orixe da actual situación, e que foron a causa e a garantía necesaria para conseguir, na altura, a conformidade da parte social.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade o administrador xudicial vén de solicitar na Audiencia o precurso, así como autorización para negociar un ERTE para todo o cadro de persoal.

Unha vez iniciados estes trámites o desenlace pode acelerarse, e non sería de recibo que aqueles que apadriñaron aquela solución queiran desentenderse.

Compre unha vontade decidida por parte dos gobernos para salvar a fábrica, a comezar por unha outra actitude, por exercer un liderado proactivo na procura de socios industriais e no deseño dun plan industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Promover un foro estable de entendemento e traslado de información entre os gobernos, os administradores actuais ou futuros da fábrica, e os representantes do persoal.

2. Promover activamente un Plan industrial para Alu Ibérica que estea rematado e a disposición no momento máis oportuno do punto de vista xurídico, coas seguintes características:

2.1. Que conte coa participación do Goberno do estado e máis da Xunta de Galiza, aínda que sexa dun xeito temporal mentres o proxecto gaña estabilidade.

2.2. Que conte con socios industriais solventes e competitivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.3. Que conte cun provedor de enerxía que garanta un prezo competitivo e estábel.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 30/09/2021 16:24:02

Daniel Pérez López na data 30/09/2021 16:24:14

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:24:23

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2021 16:24:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Mercedes Queixas Zas** e deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Chantada encóntrase un convento denominado S. Salvador de Asma, que conta co recoñecemento BIC en plena Ribeira Sacra.

Parece ter a súa orixe no século IX, a súa fundación foi familiar, descoñécese ata cando se mantivo como dúplice e foi rexido por distintas ordes ata que chegou ao fin da súa existencia, ata o ano 1496 foi abadía . A partir do Trienio Liberal (1820-1823) as súas dependencias foron vendidas ao priorato de San Benito el Real de Valladolid. A orde Benedictina foi a que o conduciu dende o s.XII ata o 1835 no que o seu papel como mosteiro finaliza para comezar a desamortización.

Evidentemente o paso dos séculos foi deixando distintas señas no conxunto monumental, todas elas de gran valor. A igrexa atópase plenamente conservada e restaurada ofrecendo culto relixioso con normalidade, ten ao seu pé un cemiterio parroquial.

O convento anexo está en mans privadas, pechado a cal e canto e con evidentes signos de deterioro xa nos anos 80, non se conta con fotografías posteriores, xa daquela se vía que sufrira grandes modificacións que o seu propietario promoveu para acomodar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o convento ás necesidades da actividade agrícola e gandeira e aparcamento de maquinaria.

A importancia histórico-artística e cultural do mosteiro de S. Salvador de Asma e indiscutible para toda a comarca chantadina. A súa influencia esténdese dende a arquitectura que inflúe no románico da zona como sobre a vida social e económica da zona posuíndo moitas terras de cultivo e actuando na Idade Media como Señorío Feudal.

É imperativo facer valer a normativa BIC, inspeccionar o monumento e proceder ás corrección oportunas para que posteriormente se poida abrir ao público.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar as medidas oportunas para a protección dos elementos BIC da Ribeira Sacra, nomeadamente o conxunto monumental de San Salvador de Asma que conta cun edificio conventual que se presume nun estado ruinoso no seu interior.
2. Aplicar a todas as medidas recollidas na normativa vixente para sancionar os incumprimentos en canto á súa conservación.
3. Reestablecer as visitas públicas tal e como marca a normativa.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/09/2021 16:44:38

Mercedes Queixas Zas na data 30/09/2021 16:44:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/09/2021 16:44:58





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un espazo de extraordinario valor cultural, natural, histórico e paisaxístico. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000.

A illa ten un grande valor simbólico como espazo da memoria histórica galega: escenario da represión franquista entre 1936 e 1943, foi tamén lugar da loita pola liberdade, da solidariedade e da resistencia democrática fronte ao fascismo.

A páxina web da Xunta de Galicia fai referencia explícita a esta cuestión:

Un dos obxectivos da Illa de San Simón é o fomento da memoria histórica a través de accións de investigación, análise e divulgación sobre a base do acontecido no arquipélago, que entre 1936 e 1943 foi convertido en cárcere de presos políticos e espazo de represión polo réxime da Ditadura de Franco.

Este trágico pasado ten convertido a San Simón nun símbolo da dignificación das súas vítimas, e no máis axeitado escenario para traballar na recuperación da nosa historia e afortalar na nosa sociedade os valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos e civís.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia esta declaración de intencións, a realidade é que a partir do ano 2009 desapareceron os contidos e a programación de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática de iniciativa institucional, de xeito que a única actividade anual que se realiza na Illa relativa a esta temática está organizada polos colectivos memorialistas galegos.

A ausencia dun plan de usos da illa e dunha programación institucional estábel de iniciativa pública está a provocar de feito a privatización do espazo coa proliferación de actividades organizadas por empresas e de marcado interese comercial.

É habitual que empresas privadas desenvolvan na illa procuras do tesouro, festivais, ceas e todo tipo de celebracións e actos lúdicos que non son propios dun espazo con este significado e simbolismo.

Para o BNG constitúe unha auténtica ignominia e unha ofensa á memoria das vítimas que se organicen estas actividades lúdicas nun espazo que foi un lugar de cautiverio, de terror, de fame, de illamento e de morte, o máis terríbel de toda Galiza, no que estiveron encarceradas máis de 6.000 persoas e no que centos de presos morreron de fame, de enfermidade e por asasinatos centos delas. Acaso alguén imaxina que empresas privadas organicen ceas de Samaín e visitas con probas terroríficas en cemiterios ou campos de concentración?

Para os colectivos e persoas comprometidas coa recuperación da memoria histórica, a Illa de San Simón non pode ser un parque temático recreativo, un parque de atraccións, unha zona de acampamento, e tampouco a illa do tesouro.

É un lugar histórico, natural e cultural que merece coidado e dinamización. E que debe ser tratado con respecto e sensibilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar ao Goberno galego a:

1. Elaborar e aprobar, no prazo máximo de seis meses, un Plan de usos para a illa de San Simón que debe regular os usos e actividades do espazo con seguintes criterios:

- Determinar as funcións do espazo e do equipamento, primando as seguintes: recuperación, divulgación e dinamización da memoria histórica democrática galega e da loita polas liberdades e os dereitos civís; estudo e divulgación da historia das illas e da súa contorna; valores paisaxísticos e ambientais do conxunto.

- Desenvolver uha programación anual de actividades de iniciativa pública, con especial atención á recuperación da memoria histórica democrática.

- Promover as visitas escolares e didácticas ao espazo, salientando os seus valores históricos, ambientais e culturais e a súa función como lugar simbólico da memoria histórica democrática.

Este plan de usos deberá elaborarse coa participación, cando menos, dos concellos da contorna e das asociacións da memoria histórica

2. Declarar a Illa de San Simón como Illa da Memoria.

3. Restrinxir, no interior da illa, as actividades que sexan ofensivas para a memoria das vítimas da represión. Para determinar este tipo de actividades realizarase





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha consulta coas asociacións galegas da memoria histórica e coas familias das persoas que estiveron presas no lugar.

4. Potenciar o carácter público do espazo, a súa condición de BIC e integrante da Rede Natura, e, en consecuencia, poñer fin á privatización de facto e prohibir expresamente a realización no interior da illa de actividades con claro interese lucrativo.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:13:46

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:13:54





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:14:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galiza das obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m2 de terreos para usos relacionados cos recursos mariños. Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior.

Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Cumprir as condicións establecidas no outorgamento pola administración do Estado da concesión das illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela.

2. Prohibir os usos hostaleiros na illa, nomeadamente aquelas actividades con finalidade lucrativa e que se desenvolven en edificios ou espazos declarados Bens de Interese Cultural.

3. Non autorizar as actividades que vaian en contra do principio do uso público e gratuíto das illas.

4. Poñer fin ao proceso de privatización das illas, xa que a maior parte das actividades programadas son promovidas por empresas privadas e son de carácter lucrativo.

5. Adoptar as medidas para a elaboración e aprobación do Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/09/2021 17:29:26

María do Carme González Iglesias na data 30/09/2021 17:29:30

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2021 17:29:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dos seus deputados e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela, Luis Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Os ríos Deza e Asneiro (afluente do primeiro) levan décadas sufrindo episodios de contaminación reiterados. Este verán tiveron lugar polo menos cinco perfectamente visibles, un dos cales provocou efectos en forma de espuma branca que cubría o río case por completo, e que chegou a apreciarse con nitidez á altura do coto de Ximonde, decenas de quilómetros máis abaixo, para rematar desembocando –aínda perfectamente visible– na ría de Arousa. O último deses tres vertidos tivo lugar o 1 de setembro, pero a día de hoxe non coñecemos resultado algún da investigación que debería terse levado a cabo.

Estes vertidos, reiterados ó longo do tempo e nunca solucionados pola administración autonómica, están empeorando e acadando niveis esaxerados ante a pasividade da propia Xunta e do concello de Lalín, onde están radicados o parque empresarial e a depuradora dos que se supón que proceden na súa maioría.

Non pode permitirse nin un minuto máis esta situación de pasividade e desleixo ante un problema ecolóxico grave porque estamos falando de ecosistemas fluviais de gran valor ecolóxico (como o Asneiro, o Deza e o Ulla) que perderon a maior parte da riqueza piscícola e ambiental que tiñan no pasado e se están estragando de xeito constante, sobre todo considerando que o cambio climático provoca unha diminución do nivel dos nosos ríos, agravándose o problema ano a ano.

Ademais dos problemas ecolóxicos asociados á contaminación, os ríos afectados son obxecto de captación de augas para o consumo da poboación.

Dous dos episodios de contaminación referidos foron denunciados ante o Seprona e a Fiscalía pola asociación AEMS-Ríos con Vida e pola Sociedade Deportiva Río Deza no mes de agosto.



A Xunta de Galicia ten a obriga de protexer os ecosistemas fluviais de Galicia, principalmente en virtude de tres leis: a de pesca continental de Galicia, a de patrimonio natural de Galicia e a de protección ambiental de Galicia, cada unha con cadanseu réxime sancionador e coa posibilidade de adoptar medidas preventivas antes incluso de calquera sanción ante a mera posibilidade de danos medioambientais. Estas leis, contrariamente ó que parece considerar a Xunta, non son de aplicación opcional para a administración senón que imponen obrigas concretas que especifican e particularizan a nivel galego o dereito a un medio ambiente adecuado que configura o artigo 45 da nosa Constitución e a lexislación básica estatal en materia medioambiental.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia deseñe e implemente con carácter inmediato un plan para previr e eliminar de forma permanente a contaminación nos ríos Deza e Asneiro incluíndo a mellora da depuración das augas residuais e industriais procedentes de Lalín, así como a adopción, en toda a súa extensión e intensidade, das medidas inspectoras, preventivas e sancionadoras procedentes de conformidade coa lexislación medioambiental autonómica.”

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández

Julio Torrado Quintela

Luis Álvarez Martínez

Patricia Otero Rodríguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/09/2021 16:51:18

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2021 16:51:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2021 16:51:44





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 18:18:59
Nº Rexistro: 23172
Data envío: 30/09/2021 18:18:59.917

Patricia Otero Rodríguez na data 30/09/2021 16:51:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2021 16:52:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJnZazVF5x1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Castro de Rei conta cunha poboación de máis de 5.000 habitantes, é polo tanto un concello que debe ter servizos acordes co volume de poboación.

No ano pasado por causa da pandemia foi pechado o consultorio de Castro de Rei no que había un médico e un enfermeiro, sendo estes trasladados ao Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea, o núcleo de poboación máis poboado do concello.

Durante os meses de verán aconteceu en numerosas ocasións o centro de saúde quedara unicamente cun médico/a por causa de estar o resto de persoal facultativo de baixa médica ou de permisos de vacacións, ou outros.

Isto supón na práctica que un só médico/a se ocupe do total da poboación do Concello, cuestión imposible, sen discusión.

É por isto, que os profesionais do centro que quedan con efectivos minguados sofren a precariedade das condicións laborais, cun estrés dificilmente asumible polas exigencias das cargas de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero tamén a poboación sofre as consecuencias da falta de cobertura do persoal facultativo que lle corresponde, tendo demoras de cerca de un mes para unha atención médica, é dicir, hai listas de espera de cerca de un mes para ver unha necesidade de saúde, isto, sen a seguridade de que non lle cambien a cita para máis tarde.

As usuarias/os tamén sofre a inseguridade que dá a consulta telefónica, ou non poder resolver dúbidas variadas coa axilidade necesaria nesta época COVID.

Así mesmo, a falta de cita médica fai que a non renovación de receitas deixe ás persoas que precisan medicación sen posibilidades de conseguila, "fiada", na súa farmacia porque estes profesionais non poden xustificar esta fianza, máxime de medicacións concretas que poderían ter implicacións legais no caso de dispensarse sen receita

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que:

- Garanta a carteira de servizos sanitarios no centro de saúde de Castro Riberas de Lea para toda a poboación, garantindo temen as condicións laborais do persoal e a correcta atención sanitaria á poboación.

-Posibilite que as persoas con patoloxías crónicas teñan a atención precisa para as súas patoloxías, entre elas a receita periódica para as súas patoloxías, de modo que non teñan problemas coa súa farmacia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Permita así mesmo que as persoas con COVID se sintan acompañadas xunto coas súas familias, dende o punto de vista médico, humano e psicolóxico.

-Restaure e manteña a atención sanitaria completa no concello de Castro de Rei e por suposto no Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2021 11:35:41

María del Carmen Aira Díaz na data 13/09/2021 11:35:46

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2021 11:35:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 13/09/2021 11:36:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** presenta a seguinte **corrección de erros** na **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª** con número de rexistro **21463**.

Na parte resolutiva faise unha corrección de erros na redacción dos dous primeiros puntos, así onde dí:

“- Garanta a carteira de servizos sanitarios no centro de saúde de Castro Riberas de Lea para toda a poboación, garantindo temen as condicións laborais do persoal e a correcta atención sanitaria á poboación.

-Posibilite que as persoas con patoloxías crónicas teñan a atención precisa para as súas patoloxías, entre elas a receita periódica para as súas patoloxías, de modo que non teñan problemas coa súa farmacia.”

Debe dicir:

“- Garanta a carteira de servizos sanitarios no centro de saúde de Castro Riberas de Lea para toda a poboación, así como as condicións laborais do persoal e a correcta atención sanitaria á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Posibilite que as persoas con patoloxías crónicas teñan a atención precisa para as súas doenzas, entre elas a receita periódica, de modo que non teñan problemas coa súa farmacia.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/10/2021 13:14:05



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

